

IDEGA

Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvimento
de Galicia

**MEMORIA ECONÓMICA
E DE ACTIVIDADES**

2006

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

IDEGA

Avda. das Ciencias, s/n.
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
Telf.: 981 59 11 66/981 56 31 00 (ext: 14339)
Fax: 981 59 99 35
E-mail: idgsec@usc.es
Web: <http://idegaweb.usc.es>

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	7
I. ÓRGANOS DE GOBERNO E PERSOAL DO INSTITUTO	11
II. GRUPOS DE INVESTIGACIÓN	15
III. PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN	
1. Área de economía agroalimentaria e estudos rurais.....	24
2. Área de ordenación e desenvolvemento territorial.....	25
3. Área de estudos da economía galega	29
4. Área de estudos do sistema financeiro.....	33
5. Área de estudos pesqueiros.....	34
6. Área de mercado de traballo e economía social.....	35
7. Área de economía ambiental e recursos naturais	37
8. Área de estudos turísticos	41
IV. PUBLICACIÓN	
1. A Economía Galega. Informe 2006	50
2. Informe de Conxuntura da Economía Galega.....	51
3. Documentos de Traballo do IDEGA.....	52
V. DOCENCIA	
1. Programa de doutoramento: Integración económica, desenvolvemento e medio ambiente	57
2. Apoio académico e institucional ao Programa de Doutoramento en Economía da Universidad de La Habana.....	59
3. Curso de formación: Integración e desenvolvemento eurorrexional.....	62
4. Curso CETUR: Curso de formación para informadores de Oficinas de Turismo e Guías.....	64
VI. CONFERENCIAS E SESIÓN	
1. Área de Análise Económica.....	67
2. Área de Xeografía.....	67
3. Área de Pensamento Económico	68
4. Área de Economía Aplicada	68
5. Seminarios do Programa do Doutoramento	68

VII. CONGRESOS, XORNADAS E SEMINARIOS DO CETUR

1. II Congreso As Comunidades Costeiras Dependentes da Pesca en
Tempos de Cambio *O Patrimonio como Motor de Desenvolvemento*
Turístico.....72
2. Os grandes retos da creación de emprego de Galicia72
3. IV Xornadas SINDUR *Novas tecnoloxías e desenvolvemento rural*.....72
4. Seminarios do CETUR.....72

VIII. PUBLICACIÓNS 2006. INVESTIGADORES DO IDEGA.....76**IX. ORZAMENTO E BALANCE DE SITUACIÓN85**

PRESENTACIÓN

O Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) é un centro da Universidade de Santiago que ten como principais obxectivos a investigación básica e a aplicada no ámbito das ciencias sociais, tanto sobre os problemas de desenvolvemento económico do pasado coma do presente, con especial atención á realidade social e económica de Galicia. Partindo deste presuposto, o IDEGA convértese nun ámbito de encontro interdisciplinar da Economía, a Historia, a Xeografía e a Socioloxía.

Coa publicación da Memoria do ano 2006 complétase a información que regularmente ofrece o Instituto sobre as súas actividades. Pretendemos que na Memoria se recolle unha información completa sobre o noso labor investigador e o resto de actividades que se desenvolveron dende o IDEGA. Igualmente, ofrécese información sobre as entidades e as persoas que compoñen na actualidade os seus órganos de goberno e o seu persoal permanente, así como sobre os fluxos e fondos de carácter económico-financeiro que son a contrapartida, e o soporte, da súa actividade.

Durante este ano completouse o cambio iniciado no ano 2005 na dirección do Instituto. Dende o 27 de abril ocupa a secretaria do IDEGA D. Miguel Pazos. A anterior dirección, personalizada en D. Edelmiro Iglesias e D. Juan Ares, merece un recoñecemento especial. O prestixio do IDEGA debe moito á calidade humana e profesional de ambos os dous membros, aos cales agradecemos o seu compromiso e dedicación.

O cambio na dirección non supuxo unha ralentización das actividades. Como se detalla na memoria que se presenta, 2006 foi o mellor ano na xa longa historia do Instituto en canto a proxectos de investigación acometidos e á realización de actividades docentes, que converten ao IDEGA no referente básico na promoción dos estudos sociais, económicos e territoriais sobre a realidade galega. Como froito da intensa actividade investigadora desenvolvida nos últimos anos, o IDEGA vén rexistrando unha tendencia clara ao incremento do seu orzamento anual, o que reflicte a súa vitalidade e pulo, e o converte nun dos centros de maior dinamismo dentro da Universidade de Santiago.

Ao peche do exercicio de 2006, o IDEGA contaba cun orzamento anual de xestión de máis de 113.000 euros, grazas basicamente ás contribucións de financiamento provenientes dos grupos de investigación que desenvolven os seus proxectos no Instituto. Este orzamento é case 3,5 veces maior có do ano 1995, o que dá unha idea do crecemento experimentado en tan só 11 anos. Pola súa banda, o orzamento de investigación superou en 2006 os 1.600.000 euros, mentres que en 1995 se situaba en 482.000 euros. Como se pode apreciar, este orzamento é case catro veces maior, mostrando claramente o crecemento na actividade investigadora desenvolvida polos grupos de investigación adscritos ao IDEGA, actividade que vén experimentado fortes incrementos interanuais nos últimos anos (un 43% entre 2003 e 2004; un 24% entre 2004 e 2005; e un 22% entre 2005 e 2006), dentro dunha tendencia sempre positiva.

O IDEGA pon a disposición do público, anualmente, esta memoria descritiva das súas actividades, a cal, xunto coas súas publicacións e a súa páxina web (<http://idegaweb.usc.es/>) permiten un mellor coñecemento do centro.

RESUMO DA ACTIVIDADE DO IDEGA EN 2006

Os órganos de goberno do IDEGA (sección I) celebraron as súas reunións estatutarias ordinarias no período lectivo: a xunta de goberno, o día 20 de abril de 2006, e o consello científico, os días 27 de marzo e 30 de outubro. Ademais celebráronse varias reunións da comisión permanente.

Ao longo do ano os sete grupos de investigación adscritos ao IDEGA (sección II) desenvolveron a súa actividade nas liñas de investigación preferente que caracterizan o traballo realizado no instituto: economía agroalimentaria e estudos rurais, ordenación e desenvolvemento territorial, economía galega, sistema financeiro, pesca, mercado de traballo e economía social, economía ambiental e recursos naturais e turismo. Ademais do persoal pertencente aos grupos de investigación, o IDEGA recibe anualmente a un importante número de profesores e investigadores visitantes que utilizan temporalmente as súas instalacións. Neste último ano o número de investigadores invitados foi de dez que, sumados aos investigadores adscritos supón que durante 2006 o número de persoas que traballaron no IDEGA supera o medio cento.

Os proxectos de investigación desenvolvidos en 2006 descríbense na sección III. Con algúns destes proxectos o IDEGA trata de dar resposta á demanda que lle dirixen organismos privados ou públicos, nacionais ou internacionais. En particular, en 2005, leváronse a cabo 49 proxectos de investigación, algúns dos cales continúan en curso de elaboración.

Un importante froito de parte destes proxectos son a edición por parte do IDEGA de varias publicacións en distintos formatos (sección IV). Ademais da publicación anual *A economía galega. Informe 2006* e do informe trimestral de Conxuntura da Economía Galega, en 2006 publicáronse sete Documentos de Traballo.

Ao longo de 2006 o labor docente do instituto incrementouse notablemente (sección V). Ao programa de doutoramento en Integración Económica, Desenvolvemento e Medio Ambiente sumóuselle o programa de cooperación "Apoio académico e institucional ao programa de doutoramento de Universidade de La Habana" en Cuba, e a experiencia piloto do Curso de Formación "Integración e desenvolvemento Eurorrexional" en colaboración co CEER.

O seminario interno de investigación do IDEGA desenvolveuse durante dezanove sesións a cargo de investigadores internos e procedentes doutros centros (sección VI). Así mesmo celebrouse o segundo Congreso "As comunidades Costeiras Dependentes da Pesca en tempos de Cambio" en Muros e organizouse unha xornada sobre "Os grandes retos da creación de emprego en Galicia", en colaboración coa Consellería de Traballo. Por último debemos sinalar os seis seminarios organizados polo CETUR en colaboración co IDEGA.

Os investigadores do IDEGA publican os seus traballos en revistas profesionais españolas e internacionais (ver detalle na sección VIII) e preséntanos en seminarios e conferencias.

Os gastos operativos do IDEGA ascenden a **1.708.568,75** euros que maioritariamente son resultado do desenvolvemento das distintas actividades de investigación dos grupos adscritos (case o 95%). De feito, o orzamento de xestión do Instituto supón só arredor do 5% do volume total de facturación, que en 2006 significou un total de **113.594,67** euros, financiados mediante as achegas dos grupos de investigación a través dos seus proxectos, as contribucións das entidades patrocinadoras e dos recursos propios da USC. Os detalles do orzamento preséntanse na sección IX.

O IDEGA está presente na **web** (<http://idegaweb.usc.es/>). Nesta páxina ofrécese unha ampla información sobre as actividades do instituto e nela, ademais, pódense obter gran parte das súas publicacións.

As seccións seguintes presentan na orde xa mencionada os detalles das diferentes áreas de actividade do IDEGA. Esperamos que o exercicio de transparencia que esta memoria implica estimule de forma permanente a mellor adecuación posible entre os obxectivos e os recursos, en virtude do compromiso que o IDEGA contrae coa sociedade mediante a súa publicación.

ORGANOS DE GOBERNO
E
PERSONAL DO INSTITUTO



XUNTA DE GOBERNO

Presidente: **D. Senén Barro Ameneiro**. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

D. Eduardo García-Rodeja Gayoso. Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela

D. Guillermo de la Dehesa Romero. Director do Instituto de Estudos Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza

D. Xesús García Calvo. Presidente do Padroado da Fundación FEIRACO

D. José Luís Méndez López. Director Xeral de Caixa Galicia e Vicepresidente do Patronato da Fundación Caixa Galicia

D. José Luís Pego Alonso. Director Xeral Adxunto de Caixanova.

D. Pablo Ejerique Martínez. Presidente do Consello Económico e Social de Galicia

D. Roxelio Conde-Pumpido Tourón. Director de Transferencia de Tecnoloxía do CITT da Universidade de Santiago de Compostela

D. Melchor Fernández Fernández. Director do IDEGA

D. Juan J. Ares Fernández /Miguel Pazos Otón. Secretarios do IDEGA

D. Joam Carmona Badía. Representante do Consello Científico do IDEGA

D. Alberto Meixide Vecino. Representante do Consello Científico do IDEGA

DIRECTOR:

Melchor Fernández Fernández

SECRETARIOS:

Juan J. Ares Fernández (ata 27-04-2006)

Miguel Pazos Otón (dende 27-04-2006)

CONSELLO CIENTÍFICO

Álvarez Corbacho, Xoaquín
Antelo Suárez, Manel
Ares Fernández, Juan J.
Balboa López, Xesús Leopoldo
Beiras Torrado, Xosé Manuel
Carmona Badía, Joam
Castañón Llamas, Luís
Capasso, Salvatore
Da Rocha Álvarez, José María
Fernández Fernández, Melchor
Fernández Grela, Manuel
Fernández Leiceaga, Xoaquín
Fernández Prieto, Lourenzo
Ferrás Sexto, Carlos
García Jurado, Ignacio
García Negro, María do Carme
Giráldez Rivero, Xesús

González Manteiga, Wenceslao
Jordán Rodríguez, Manuel
Lois González, Rubén C.
López Iglesias, Edelmiro
López Taboada, Xosé Antón
Loureiro García, María L.
Meixide Vecino, Alberto
Pazos Otón, Miguel
Pérez Touriño, Emilio
Pousa Hernández, Miguel
Ricoy Riego, Carlos J.
Rodríguez González, Román
Rojo Sánchez, Xavier
Santos Solla, José
Sineiro García, Francisco
Suárez Piñeiro, Ana María

COMISIÓN PERMANENTE

Fernández Fernández, Melchor
Fernández Grela, Manuel
Ferrás Sexto, Carlos
Loureiro García, María L.
Pazos Otón, Miguel

PERSOAL DE APOIO

Xosé Delfín Pérez González, xefe de negociado do IDEGA
María Dolores Tuñas Riveiro, técnico especialista de FP-2 da rama informática
Ángeles Piñeiro Antelo, contratada
Humberto Blanco Reino, bolseiro de investigación
Yolanda Pena Boquete, bolseira de investigación
Yolanda García Vázquez, bolseira de investigación
José Carlos Macía Arce, bolseiro de investigación
Francisco José Armas Quintá, bolseiro de investigación
Alfonso Ribas Álvarez, bolseiro de investigación
Manuel Cabalar Fuentes, bolseiro de investigación
Emilio Cuñas Otero, bolseiro de investigación
Juan López Bedoya, bolseiro de investigación
Roberto Lorenzana Fernández, bolseiro de investigación
Carlos Sebastián Villasante Larramendi, bolseiro de investigación
Carlos Alberto Patiño Romarís, bolseiro predoutoral
Ángel Miramontes Carballada, bolseiro predoutoral
José Antonio Díaz Fernández, bolseiro de investigación
Montserrat Iglesias Pérez, bolseira de investigación

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

ANÁLISE TERRITORIAL GI-1871

Liñas de investigación:

- ✓ Análises socioeconómicas con implicacións territoriais: turismo, industria, transportes-mobildade, pesca
- ✓ Desenvolvemento local
- ✓ Ordenación do territorio: urbanismo
- ✓ Medio ambiente: espazos naturais, diagnóstico ambiental, climatoloxía aplicada

Coordinador:

Santos Solla, Xosé Manuel

Investigadores:

Aldrey Vázquez, José Antonio
Durán Villa, Francisco Ramón
Lois González, Rúben Camilo
Martí Ezpeleta, Alberto
Pazos Otón, Miguel
Rodríguez González, Román
Suárez Piñeiro, Ana María
Miramontes Carballada, Ángel
Piñeiro Antelo, María Anxos
Palmeiro Piñeiro, Xosé Luis
Sanz Freire, Román

Colaboradores externos

López González, Alejandro, Universidad de León
González Pérez, Jesús, Universitat de les Illes Balears
Somoza Medina, José, Universidad de León
Alonso Logroño, María Pilar, Universitat de Lleida
Pazo Labrador, Alberto, Universidade de Vigo
Escudero Gómez, Luis Alfonso, Universidad de Castilla-La Mancha

ANÁLISE ECONÓMICA GI-1922

Liñas de investigación:

- ✓ Microeconomía
- ✓ Macroeconomía
- ✓ Economía financeira
- ✓ Crecemento e desenvolvemento económico
- ✓ Economía Internacional
- ✓ Economía rexional e sectorial
- ✓ Historia do Pensamento Económico

Coordinador:

Antelo Suárez, Manuel

Investigadores:

Ricoy Riego, Carlos Javier
Arjona Béjar, Luis Enrique
Díaz Vázquez, María del Pilar
Meixide Vecino, Alberto
Pérez-Nievas Montiel, Miguel
Reboredo Nogueira, Juan Carlos
Del Río Iglesias, Fernando
Rodríguez Sampayo, Antonio
Ares Fernández, Juan José
Balseiro Rañal, Manuel
Barcia Domínguez, María José
Insua Piñeiro, Carlos
Trelles González, Rafael
Vilas Fernández, Manuel Ángel
Villar Casas, Gumersindo

Colaboradores externos:

Juan Carlos Moreno-Brid, CEPAL-ONU (MEXICO)
Luis Miguel Galindo Paliza, Universidad Nacional Autónoma de México
Martin Puchet Anyul, Universidad Nacional Autónoma de México
Julio López Gallardo, Universidad Nacional Autónoma de México
Carlo Panico, Università Federico II di Napoli
Abel Caballero, Universidad de Vigo

**ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E MEDIOAMBIENTAL,
DESENVOLVEMENTO RURAL E ECONOMÍA SOCIAL GI-1899**

Liñas de investigación:

- ✓ Economía agroalimentaria
- ✓ Economía medioambiental
- ✓ Políticas de desenvolvemento rural
- ✓ Xestión da explotación gandeira.
- ✓ Producción animal bovina
- ✓ Comportamento do consumidor
- ✓ Outras especialidades económicas: Economía Social e cooperativismo
- ✓ Desenvolvemento rexional
- ✓ Migracións
- ✓ Finanzas e seguros
- ✓ Economía sectorial: outras
- ✓ Desenvolvemento socioeconómico

Coordinador:

Jordán Rodríguez, Manuel

Investigadores:

Castañón Llamas, Luis
Fernández Leiceaga, Xaquín M.
López Iglesias, Edelmiro
Pérez Fra, María do Mar
Sineiro García, Francisco
Verdugo Matês, Rosa María
Álvarez Álvarez, Miguel
Arenas Ruíz, Santos Gabriel
García Arias, Ana Isabel
Santiso Blanco, Xurxo
Valdés Pazos, Bernardo
Ribas Álvarez, Alfonso

GRUPO DE ECONOMÍA AMBIENTAL E XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS GI-2037

Liñas de investigación:

- ✓ Economía ambiental (valoración de activos ambientais, análise de políticas de incentivos e estudos metodolóxicos de valoración)
- ✓ Economía da enerxía (análise do impacto externo e análise do ciclo da vida)
- ✓ Economía dos recursos naturais (recursos agrarios, pesqueiros e forestais)
- ✓ Economía da saúde (obesidade, tabaco e pesticidas-productos ecolóxicos)

Coordinador:

Loureiro García, María Luz

Investigadores:

Chas Amil, María Luisa
Barrio Martínez, Melina
Veiras Neira, Ana María
Ojeda Fernández-Colmeiro, Elena

Colaboradores externos:

John B. Loomis, Colorado State University

GRUPO DE INVESTIGACIÓN SOCIO-TERRITORIAL GI-1832

Liñas de investigación:

- ✓ Planificación urbana e rexional
- ✓ Planeamento participativo
- ✓ Desenvolvemento rural
- ✓ Planificación estratéxica
- ✓ Márketing territorial
- ✓ Novas Tecnoloxías e Sociedade

Coordinador:

Ferrás Sexto, Carlos

Investigadores:

Armas Quintá, Francisco Xosé

Macía Arce, Xosé Carlos

García Vázquez, Yolanda

Vicente Lord, Lidia

Colaboradores externos:

Patrick O'Flanagan, University College Cork

John Naylon, Keele University

Xosé M. Souto González, Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento

Antonio Sánchez Bernal, Universidad de Guadalajara

M^a Luisa García Bátiz, Universidad de Guadalajara

João Sarmento, Universidade do Minho

Álvaro Cidrais, Universidade de Lisboa

Artur Serra, Universidad Politécnica de Cataluña

Antonio Lucas Soares, INESC. Universidade do Porto

Joaquín Pinto Escribano, Centro Internacional de Tecnologías Avanzadas para el desarrollo rural (CITA)

Martin Scheer, International School of Management. ISM-Dortmund

**GRUPO DE ESTUDOS DE HISTORIA EMPRESARIAL E SECTORIAL.
PESCA, INDUSTRIA E COMERCIO GI-1170**

Liñas de investigación:

- ✓ Historia e economía da pesca e da construción naval
- ✓ Relacións Económicas Internacionais
- ✓ Historia industrial
- ✓ Historia da empresa
- ✓ Historia do traballo
- ✓ Patrimonio industrial e marítimo

Coordinador:

Carmona Badía, Juan Julio

Investigadores:

Espido Bello, María del Carmen
Fernández González, Ángel Ignacio
Giráldez Rivero, Jesús
Lozano Courtier, Alberto
Muñoz Abeledo, Luisa

Colaboradores externos:

Raúl Jácome Rodríguez, Instituto Galego de Estatística

GRUPO DE ANÁLISE E MODELIZACIÓN ECONÓMICA GI-1883

Liñas de investigación:

- ✓ Contabilidade Social
- ✓ Análise Input-Output
- ✓ Integración Económica
- ✓ Economía Internacional
- ✓ Economía laboral
- ✓ Análise de Eficiencia e Produtividade
- ✓ Historia do pensamento económico

Coordinador:

Fernández Fernández, Melchor

Investigadores:



Fernández Grela, Manuel
Bande Ramudo, Roberto
Capasso, Salvatore
Fernández Castro, María Belén
Riveiro García, María Dolores
Canay Pazos, José Raúl
Pereira López, Jesús
Rey Suárez, Pedro María
García López, Juan Ramón
Pena Boquete, Yolanda
Blanco Reino, Humberto

Colaboradores externos:

Víctor Manuel Montuenga Gómez, Universidad de La Rioja
José Clemente Polo Andrés, Universidad Autónoma de Barcelona
Casiano Manrique de Lara Peñate, Universidad de las Palmas de Gran Canaria
Sergio Destefanis, U. degli Studi di Salerno
Vania Sena, Aston Business School
Guadalupe Fugarolas Álvarez-Ude, Caixa Galicia

**PROXECTOS E CONTRATOS DE
INVESTIGACIÓN**

O IDEGA é un centro de gran dinamismo dentro da Universidade de Santiago. Como froito da intensa actividade investigadora desenvolvida nos últimos anos, o IDEGA vén rexistrando unha tendencia clara ao incremento do seu orzamento anual, o que reflicte a súa vitalidade e pulo, na promoción dos estudos sociais, económicos e territoriais sobre a realidade galega. En 2006 o número de proxectos desenvolvidos polos grupos de investigación do IDEGA foi de 49, cun lixeiro incremento respecto a 2005, cando se levaron adiante 47. Non obstante, as diferenzas son apreciable no orzamento medio por proxecto, que en 2006 superou os 20.000 euros fronte aos cerca de 18.000 en 2005. Tamén existe unha modificación na distribución por áreas, mostrando a análise do turismo unha dinámica moi positiva.



I. ÁREA DE ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E ESTUDOS RURAIS

1. Gestión integral de explotaciones de leche en la Cornisa Cantábrica

Proxecto de investigación financiado por la Fundación Privada Triptolemos para el Desarrollo Agroalimentario cun prazo de execución de dous anos (2005-2007)

RESUMO: Se trata de obtener una información de las explotaciones que permita valorar sus resultados económicos en relación con los productivos y poder realizar algunas recomendaciones de interés para los sistemas productivos de las explotaciones de leche más comunes en Galiza, Asturias y Cantabria. Recomendaciones que desde el punto de vista de los costes de producción permitan avanzar en la sostenibilidad a medio plazo de este tipo de explotaciones.

Investigador principal: Bernardo Valdês Paços, Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA.

2. Convenio de colaboración entre o MAPA, a Universidad Politécnica de Valencia e a USC para a creación do Observatorio do apoio público a agricultura

Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cun prazo de execución de catro anos (2005-2009)

RESUMO:

Investigador principal: Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA.

Investigador: Alfonso Ribas Álvarez, IDEGA.

3. O papel da agricultura nos procesos de desenvolvemento e diferenciación dos territorios rurais españois

Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia cun prazo de execución de tres anos (2005-2008)

RESUMO:

Investigador principal: Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA.

II. ÁREA DE ORDENACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

1. Elaboración do Plan Estratéxico da cidade de Santiago de Compostela

Proxecto de investigación financiado por IDEGA-ODEPSA UTE cun prazo de execución de dezanove meses.

RESUMO: Realización do Plan Estratéxico de Santiago de Compostela conformando unha UTE coa Oficina de Planeamento S.A. O Plan concíbese como o instrumento marco para a identificación das estratexias dirixidas a impulsar o desenvolvemento económico e social sobre as bases do compromiso e cooperación dos principais axentes económicos e sociais e da participación e colaboración cidadá. A elaboración desenvolverase nas seguintes fases:

- 1.- Organización e identificación de temas críticos.
- 2.- Diagnóstico interno e externo do municipio.
- 3.- Determinación de obxectivos e definición de liñas estratéxicas.
- 4.- Desenvolvemento de obxectivos e liñas estratéxicas. Definición e avaliación de proxectos e programa de actuación.

Investigadores principais: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela; Santiago Lago Peñas, Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo; Pedro M^a Rey Suárez, Departamento de Fundamentos da Análise Económica da Universidade de Santiago de Compostela; Roberto Bande Ramudo, Departamento de Fundamentos da Análise Económica da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Sociedade da información e desenvolvemento urbano- rexional. Análise de impactos en rexións periféricas a partir da aplicación de metodoloxías de e-inclusión

Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía cun prazo de execución de tres anos (decembro 2006-novembro 2009).

RESUMO: SINDUR céntrase no estudo teórico e empírico dos efectos sociais e territoriais vinculados ao desenvolvemento da sociedade da información e á implantación das tecnoloxías da información e comunicación en rexións periféricas.

Investigador principal: Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: X. Carlos Macía Arce, Yolanda García Vázquez, Francisco X. Armas Quintá.

3. Desenvolvemento dunha experiencia piloto no eido das novas tecnoloxías da información e comunicación aplicadas ao mundo rural: E-Brión. Alfabetización dixital

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Brión cun prazo de execución de dezaoto meses (xuño 2005-xaneiro 2007).

RESUMO: Deseño, programación, arquitectura, promoción e dinamización dunha aplicación telemática multimedia en formato web para impulsar o desenvolvemento económico e social no concello de Brión.

Estudo de caso. Análise dos impactos das novas tecnoloxías no medio rural. Proxecto financiado polo programa europeo PRODER II.

Investigador principal: Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago.

4. Sociedade da información e desenvolvemento urbano-rexional. Análise de impactos en rexións periféricas a partir da aplicación de metodoloxías de e-inclusión

Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento cun prazo de execución de dous anos (decembro 2006-decembro 2009)

RESUMO: SINDUR céntrase no estudo teórico e empírico dos efectos sociais e territoriais vinculados ao desenvolvemento da sociedade da información e á implantación das tecnoloxías da información e comunicación en rexións periféricas.

Investigador principal: Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: X. Carlos Macía Arce, Yolanda García Vázquez, Francisco X. Armas Quintá.

5. Estudo do fenómeno da inmigración en Galicia

Proxecto de investigación financiado pola Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia cun prazo de execución de seis meses (outubro 2006-marzo 2007)

RESUMO: Estudo e análise dos principais grupos de inmigrantes en Galicia.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: José Antonio Aldrey Vázquez, Jesús González Pérez, Kim Segarra Martínez, Natalia Rodríguez Granado, Camilo Suescun, Nelson Amilcar, Claudia del Pino Martínez, Rogelio López Romero, Liduvina Campoamor.

6. Elaboración do Plan Estratéxico da provincia de A Coruña

Proxecto de investigación financiado pola Diputación da Coruña cun prazo de execución de dous anos (xullo 2005-xullo 2007).

RESUMO: Diagnóstico detallado e pormenorizado a nivel territorial para elaborar as propostas de actuación do Plan Estratéxico da provincia da Coruña. Os informes estarán relacionados cos seguintes ámbitos:

- 1.- Demografía.
- 2.- Mercado de traballo. Formación e capital humano.
- 3.- Agricultura e sector forestal.
- 4.- Pesca e acuicultura.
- 5.- Industria (I).
- 6.- Industria (II).
- 7.- Construción.
- 8.- Comercio.
- 9.- Turismo.
- 10.- Outras actividades terciarias.
- 11.- Sistemas de innovación e apoio empresarial.
- 12.- Distribución da renda e desigualdade.

Investigadores principais: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela.

7. Estudo da mobilidade en transporte público no intercambiador da rúa da Rosa (Santiago de Compostela)

Proxecto de investigación financiado por TUSSA cun prazo de execución de dous meses (abril-maio 2006)

RESUMO: Analizarase a porcentaxe de viaxeiros que chegan a Santiago procedentes de Milladoiro e Bertamiráns e toman o transporte urbano para continuar a súa viaxe na rúa da Rosa.

Investigador principal: Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago.

8. Territorial impacts of European Fisheries Policy

Proxecto de investigación financiado por Norwegian Institute for Urban and Regional Resarch cun prazo de execución de dous anos (xullo 2005-xullo 2007).

RESUMO: Investigación sobre os impactos territoriais da política pesqueira común nos diferentes territorios da Unión Europea, tanto nos estados membros como nos que teñen acordos pesqueiros preferentes coa Unión Europea.

Farase especial fincapé en estudar as consecuencias territoriais que teñen os cambios na Política Pesqueira Común.

Investigador principal: Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigador: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

9. Unha aproximación á realidade urbana e social dos barrios de Compostela e Cardenal Quiroga Palacios (Grupos Vivenda)

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Santiago de Compostela cun prazo de execución de tres meses (abril-xuño 2006)

RESUMO: No traballo realizarase unha investigación co obxecto de coñecer a realidade social e urbana dos grupos de vivendas Compostela e Cardenal Quiroga Palacios no Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de estudar a posibilidade da súa rehabilitación integral.

Investigador principal: José Anontio Aldrey Vázquez, Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago Compostela.

10. Análise da industria da transformación da madeira e o sector forestal en Galicia,

Proxecto de investigación financiado polo Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira-CIS MADERA, cun prazo de execución de catorce meses (novembro 2006-decembro 2007)

RESUMO: Posta en valor das posibilidades da industria da transformación da madeira mediante un sistema de información forestal-industrial (SIFI-GALICIA).

Investigador principal: Alberto Martí Ezpeleta, Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago Compostela.

Investigador: José Anontio Aldrey Vázquez, Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago Compostela.

III. ÁREA DE ESTUDOS DA ECONOMÍA GALEGA

1. Os complexos produtivos clave da economía galega e a súa evolución no período 1980-1998. Análise a partir das Táboas Input- Output.

Proxecto financiado pola Fundación Caixa Galicia -Claudio San Martín, cunha duración de tres anos.

RESUMO: O obxectivo deste proxecto é efectuar unha análise da estrutura actual e transformacións recentes dos sectores clave da economía galega, desde a perspectiva dos complexos ou conglomerados produtivos, utilizando como fonte de información básica as Táboas Input-Output de 1980, 1990 e 1998.

Investigadores principais: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Manuel Fernández Grela, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago.

Investigadores: Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago; Luis Castañón Llamas, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Xoaquín Fernández Leiceaga, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Ana Isabel García Arias, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago; Bernardo Valdés Pazos, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago; Rafael Trelles González, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago; María Jesús Mosquera Criado, Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa, Universidade de Santiago; Xesús Pereira López, Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa, Universidade de Santiago.

2. *A Economía Galega. Informe 2005*

RESUMO: Análise do comportamento da economía de Galicia no ano 2005, poñéndoa en relación coa economía española, examínase a evolución tanto no seu conxunto como no detalle dos seus sectores.

Investigador principal: Alberto Meixide Vecino, CIEF, Fundación Caixa Galicia-Universidade de Santiago/IDEGA.

Investigadores: Juan. J Ares Fernández, Universidade de Santiago/IDEGA; Roberto Bande Ramudo, Universidade de Santiago; Ángel Calvo Santos, Universidade de Vigo; Cristina Calvo Santos, Universidade de Vigo; Manuel Fernández Grela, Universidade de Santiago/IDEGA; Uxio Labarta Fernández, CSIC/Instituto de Investigacións Mariñas; Xan López Facal, Economista; Dolores Martínez Martínez CIEF/Fundación Caixa Galicia; Fidel Martínez Roget, Universidade de Santiago; Carlos Nárdiz Ortiz, Universidade da Coruña; Luis Otero González, Universidade de Santiago; Xulio X. Pardellas de Blas, Universidade de Vigo; Marcos I. Pérez Pérez, Universidade de Vigo; Miguel Pousa Hernández, Universidade de Santiago/IDEGA; Francisco Sineiro García, Universidade de Santiago; Miguel Anxo Vázquez Taín, Universidade de Santiago; Manuel Vilas Fernández, Universidade de Santiago.

Colaborador: Manuel López Sande.

3. *Apoio metodolóxico elaboración MIOGAL- 2005*

Convenio de colaboración financiado polo Instituto Galego de Estatística cun prazo de execución de tres anos (decembro 2006-decembro 2009)

RESUMO: Este convenio de colaboración ten como obxecto obter apoio metodolóxico na elaboración do Marco Input-Output de Galicia 2005, e unha vez que estea rematado, realizarase un estudo das características da economía galega a partir dos resultados obtidos nesta operación estatística.

Investigador Principal: Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago.

Investigadores: Manuel Fernández Grela, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago; Luis Castañón Llamas, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Francisco Sineiro García, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago; Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago.

4. Informe de conxuntura da economía galega

RESUMO: O Informe de conxuntura da economía galega, cunha periodicidade trimestral, presenta a análise sobre a evolución máis recente dun conxunto de variables macroeconómicas básicas, o que permite obter conclusións sobre a tendencia que está seguindo esta economía. O estudo encádrase no contexto da economía española e mundial, polo que, en primeiro lugar, se estudia a conxuntura destas dúas áreas xeográficas, para, deseguido, abordar pormenorizadamente a evolución da economía galega distinguindo cinco grandes apartados: demanda, actividade, comercio exterior, prezos e mercado de traballo. Realízanse predicións a partir dunha análise multivariante de series temporais dos principais indicadores.

Coordinador: Alberto Meixide Vecino, CIEF-Fundación Caixa Galicia, Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA.

Investigadores: Juan J. Ares Fernández, Universidade de Santiago de Compostela /IDEGA; Manuel Febrero Bande, Universidade de Santiago de Compostela; Wenceslao González Manteiga, Universidade de Santiago de Compostela /IDEGA; Miguel Pousa Hernández, Universidade de Santiago de Compostela /IDEGA; Juan Carlos Reboredo Nogueira, Universidade de Santiago de Compostela; José María da Rocha Álvarez, Universidade de Vigo /IDEGA.

Colaboradora de investigación: Dolores Martínez Martínez, CIEF-Fundación Caixa Galicia.

Versión galega: Horacio Vixande.

5. La artística 1906-2006

Proxecto de investigación financiado por Raimundo Calviño Iglesias cun prazo de execución de oito meses (maio-decembro 2006).

RESUMO: Localización, identificación de materiais e redacción de textos relacionados coa historia da empresa.

Investigador principal: Xesús Giraldez Rivero, Universidade de Santiago de Compostela.

6. Observatorio Inmobiliario

Convenio de colaboración financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín cun prazo de execución dun ano.

RESUMO: O Observatorio Inmobiliario é unha publicación de carácter semestral que ten por obxectivo a análise coxuntural do mercado inmobiliario galego. Prestando especial atención á situación do mercado nas sete principais áreas urbanas galegas.

Investigador principal: Manuel Vilas Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago de Compostela.

7. A industria en Galicia: Estratexias de acceso aos mercados internacionais, a innovación e a incidencia do sector público na incentivación da actividade

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín cun prazo de execución dun ano (novembro 2006-outubro 2007)

RESUMO: Este proxecto pretende analizar, no sector industrial galego, aspectos claves que non só permiten unha caracterización do mesmo senón que axudan a comprender a evolución seguida pola industria nos últimos anos e a precisar as perspectivas de futuro. O traballo articularase en cinco capítulos nos que se analizarán un conxunto de cuestións significativas no desenvolvemento da actividade industrial galega.

Investigador principal: Juan J. Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela.

IV. ÁREA DE ESTUDOS DO SISTEMA FINANCEIRO

1. *Análise e predición do prezo de activos financeiros*

Proxecto de Investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín cun prazo de execución de seis meses.

RESUMO: Unha das cuestións máis controvertidas da economía financeira é a predecibilidade do prezo dos activos financeiros. A capacidade de anticipar o resultado dun investimento financeiro acaparou a atención tanto de investigadores como de académicos. Neste sentido, realizáronse numerosos esforzos por parte de economistas e matemáticos para resolver a cuestión da predición das variacións futuras dos prezos de activos. Proba deste esforzo é a aplicación das ideas da teoría da probabilidade a economía financeira da que xorde a caracterización dos prezos dos activos como un paseo aleatorio e como unha martingala, ou o desenvolvemento de modelos máis sofisticados do prezo dos activos como son os modelos de equilibrio intertemporal.

Nos últimos anos, de forma paralela ao desenvolvemento dos modelos GARCH e de volatilidade estocástica para caracterizar o comportamento do prezo dos activos financeiros, desenvolvéronse técnicas estatísticas como as redes neuronales e os *wavelets* de aplicación recente á economía financeira, sobre todo no referente a súa capacidade produtiva. O propósito deste proxecto é construír un modelo de predición do prezo dos activos financeiros empregando as técnicas tradicionais da anticipación de prezos. Con este propósito desenvolverase unha aplicación informática que estime os diferentes modelos estatísticos propostos para o comportamento dos prezos dos activos financeiros e que ademais compare a capacidade predictiva dos mesmos en termos relativos.

Investigador principal: Wenceslao González Manteiga, Departamento de Estatística e Investigación Operativa /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Wenceslao González Manteiga, Departamento de Estatística e Investigación Operativa, IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela; Juan Carlos Reboredo Nogueira, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago de Compostela; Manuel Febrero Bande, Departamento de Estatística e Investigación Operativa, Universidade de Santiago de Compostela.

V. ÁREA DE ESTUDOS PESQUEIROS

1. *Informe sobre a avaliación económica dos danos sufridos polas empresas do grupo PROINSA como causa da marea negra do Prestige*

Proxecto de investigación financiado pola Promotora Industrial Sadense, S.A (PROINSA) cun prazo de execución de vinte e catro meses.

RESUMO: O estudo comprenderá:

- Danos directos sobre a produción mexilloeira nas explotacións de Lorbé e danos directos sobre o mercado de pescado e mexillón.
- Cálculo económico das perdas ocasionadas para paliar a marea negra.
- Cálculo económico dos gastos que se realizaron e se deberán realizar para compensar a caída de produción e/ou ingresos.
- Avaliación das perdas ocasionadas no negocio tanto produtivo como financeiro como consecuencia da perda de oportunidades.
- Estimación económica das consecuencias sobre o contorno económico onde se desenvolve a empresa.

Investigadora principal: María do Carmo García Negro, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Xoan Ramón Doldán García, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; María Luisa Chas Amil, Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a empresa, Universidade de Santiago de Compostela; Gonzalo Rodríguez Rodríguez, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela; Rosario Babío Arcay, Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, Universidade de Santiago de Compostela.

2. *Seaside Reorientation Activities (SEREA)*

Proxecto de investigación financiado pola Unión Europea cun prazo de execución de dous anos (novembro 2006-outubro 2008)

RESUMO: O obxectivo deste proxecto é impulsar a creación dun modelo e estrutura estable de xestión para o desenvolvemento socioeconómico e laboral de empresas e traballadores do sector pesqueiro, situados en zonas costeiras, e que teñen como principal fonte de ingresos a pesca.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadora: Anxos Piñeiro Antelo.

VI. ÁREA DE MERCADO DE TRABAJO E ECONOMÍA SOCIAL

1. Determinantes económicos da accidentabilidade laboral: o caso galego

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio cun prazo de execución de dous anos (xullo 2005-xuño 2007).

RESUMO: Este proxecto de investigación ten como obxectivo básico a construción dun modelo teórico que sirva de referencia para a realización dun traballo empírico posterior co fin de explicar os determinantes económicos dos accidentes de traballo e de cuantificar os feitos que ditos determinantes exercen.

Investigador principal: Salvatore Capasso, investigador Parga Pondal IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Roberto Bande Ramudo, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago de Compostela, Pedro Rey Suárez, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago de Compostela.

2. Potenciais efectos económicos derivados do deseño de redes de información que permitan o uso óptimo dos recursos socio-sanitarios destinados á prevención de dependencia

Proxecto de investigación financiado por ASEM Galicia, cun prazo de execución de seis meses (setembro 2005-febreiro 2006).

RESUMO: O traballo centrarase nos seguintes aspectos:

- Determinación dos recursos socio-sanitarios actualmente destinados en Galicia á prevención de situacións de dependencia.
- Avaliación do grao de eficiencia no uso de ditos recursos.
- Estimación dos potenciais efectos económicos derivados do deseño de redes de información, que permitan o uso óptimo dos recursos existentes no marco das políticas socio-sanitarias asociadas á futura Ley para a Atención as Persoas en Situación de Dependencia.

Investigadora principal: Dolores Riveiro García, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadora: Belén Fernández Castro.

3. Actividades de colaboración coa Coordinadora Galega de ONG para o desenvolvemento

RESUMO: As actividades comprende a organización de catro seminarios sobre temas socioeconómicos relacionados coa cooperación ao desenvolvemento e a axuda humanitaria e unhas xornadas sobre comercio internacional con especial atención ao sector agrario dos países do Sur.

Investigador principal: Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

4. Análise do uso das novas tecnoloxías e o éxito académico

Proxecto de investigación financiado pola Universidade de Santiago cun prazo de execución de dous anos (setembro 2005-setembro 2007).

RESUMO: Este proxecto ten como obxectivo analizar a influencia do campus virtual da USC no proceso de ensino e aprendizaxe a través de ferramentas empregadas habitualmente na análise económica.

Para iso estúdanse os axentes que interveñen no proceso formativo, co fin de determinar a influencia que o uso das TIC ten sobre o éxito individual dos estudantes da USC así como o grado de eficiencia no emprego das mesmas, tanto por parte dos estudantes como dos docentes.

Como resultado da investigación espérase obter un marco conceptual para a definición e explotación de métricas no Campus Virtual da USC, o que permitirá o establecemento de indicadores cuantitativos e cualitativos que axuden aos xestores universitarios no seu proceso de toma de decisións.

Investigador principal: Roberto Bande Ramudo, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela, Manuel Fernández Grela, Departamento de Fundamentos da Análise Económica /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela, Raúl Cany Pazos, Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, Universidade de Santiago de Compostela.

VII. ÁREA DE ECONOMÍA AMBIENTAL E RECURSOS NATURAIS

1. Análisis coste-beneficio de diferentes planes de contingencia con impactos ambientales

Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología cunha duración de tres anos (novembro 2003-novembro 2006).

RESUMO: Neste subproxecto realizarase un estudo coste-beneficio das diferentes obras e proxectos de infraestrutura propostos na memoria conxunta. A análise coste-beneficio é unha ferramenta comunmente usada na avaliación de políticas públicas e obras de infraestrutura, buscando calcular a rendibilidade social dun proxecto. A causa disto, é de gran relevancia incluír as externalidades (tanto positivas como negativas) que poidan xurdir a través dos diferentes proxectos.

Dada a complexidade do obxectivo final, os pasos a seguir serán os seguintes. Iniciaremos este análises considerando primeiro unha situación determinista (Caso A), na que os prezos dos inputs, custos, e valores que se xeren (beneficios), así como os tipos sociais de desconto tomarán un único valor. Con posterioridade, pasaremos a desenvolver unha análise de sensibilidade para o caso no que unha ou varias variables cambien os seus valores, mantendo as demais os seus valores iniciais (Caso B). Finalmente procederemos a unha análise de simulacións (a través de técnicas de Bootstrapping ou técnicas MonteCarlo), na que diferentes variables seguen unha función probabilística determinada (Caso C). Esta análise máis complexa permitiranos enriquecer os escenarios anteriormente descritos. Os resultados obtidos por este grupo de investigación serán comunicados aos outros equipos, co fin de asesoralos dende un punto de vista económico na selección de diferentes plans de continxencia.

Investigador principal: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: María Luz Loureiro García, IDEGA/Universidade de Santiago de Compostela; Xavier Labandeira Villot, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Vigo.

2. Valoración económica das perdas ambientais ocasionadas polas mareas negras

Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia cun prazo de execución de tres anos (decembro 2004-decembro 2007).

RESUMO: A avaliación económica das perdas medioambientais ocasionadas por accidentes como o vertido do “Prestige” resulta complicada e difícil, xa que ademais das perdas de valores activos (como, por exemplo, perdas comerciais), tamén existen outros valores de carácter pasivo (non relacionados coa explotación directa dos recursos) que son máis difíciles de avaliar. Este proxecto trata da valoración dos danos causados polo derrame do “Prestige”, tal e como os percibe a sociedade española en xeral, aínda que non sexa afectada directamente na súa actividade económica, de produción ou consumo.

Investigadora principal: María L. Loureiro García, IDEGA/Universidade de Santiago de Compostela

Investigadores: Carmelo León González, Universidade de Las Palmas de Gran Canaria; María Xosé Vázquez Rodríguez, Universidade de Vigo; John Loomis, Colorado State University.

3. Valoración económica das perdas ambientais causadas polas mareas negras, o caso do Prestige

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Arao, cun prazo de execución de tres anos.

RESUMO: Este proxecto trata a valoración dos danos causados polo derrame do Prestige tal e como os percibe a sociedade galega e a española, en xeral. É dicir, profundizarase no estudo de valores de carácter pasivo. Para iso aplicarase o método continxente, seguindo os protocolos internacionalmente aceptados ao efecto. Non obstante, propóñense algunhas melloras ou refinamentos metodolóxicos que se testarán ao longo do estudo.

Investigadora principal: María L. Loureiro García, IDEGA/Universidade de Santiago de Compostela

Investigadores: Carmelo León González, Universidade de Las Palmas de Gran Canaria; María Xosé Vázquez Rodríguez, Universidade de Vigo; John Loomis, Colorado State University.

4. Valoración medioambiental, cultural e paisaxística dos espazos rurais: unha aproximación empírica ao caso galego

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín cun prazo de execución dun ano (xullo 2005-xullo 2006).

RESUMO: O obxectivo desta investigación é contribuír ao debate sobre a agricultura e a multifuncionalidade desde unha perspectiva europea, referíndonos en concreto a unha zona de gran riqueza cultural e paisaxística como é Galicia.

De modo máis específico, o proxecto pretende achega información que axude á toma de decisións sobre a nova política agraria, contribuíndo ao debate de até que punto é economicamente xustificábel protexer o sector agrario. Ademais, tamén se estudará que formas de subvención ou apoio directo poden estar máis xustificadas de acordo coas preferencias sociais actuais. É dicir, contribuirá ao estudo do formato de pago das actividades verdes ("green payment programs") que supoñen unha maior utilidade social. Os métodos de análise estarán baseados en técnicas de valoración continxente e análise multi-atributo tipo "conjoint análisis". Neste sentido, levaranse a cabo enquisas en dúas mostras representativas: unha de individuos residentes nas cidades galegas, e outra de agricultores e outros residentes nas zonas rurais. Con estas dúas mostras de poboación preténdese:

- a) Contrastar as diferenzas con respecto ás preferencias sociais de ambos os dous grupos.
- b) Coñecer a disposición a pagar dos residentes nas cidades polos atributos multifuncionais derivados da agricultura.
- c) Coñecer os custos nos que incorren os agricultores para a conservación da paisaxe.

Investigadora principal: María L. Loureiro García, IDEGA/Universidade de Santiago de Compostela

Investigador: Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

5. O efecto da monitorización, lexislación e sancións económicas na prevención de mareas negras

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Arao cun prazo de execución de dezaioito meses (xullo 2006-decembro 2007).

RESUMO: En Europa hai unha necesidade clara de saber máis sobre as consecuencias potenciais do emprego de mecanismos de control ambiental. É necesaria unha perspectiva doméstica das consecuencias dos diferentes tipos de incentivos na provisión de calidade ambiental. Por esta razón, o obxectivo global deste proxecto é analizar a importancia dos instrumentos de control de calidade medioambiental ex-ante versus os ex-post no contexto europeo.

Investigadora principal: María L. Loureiro García, IDEGA/Universidade de Santiago de Compostela

6. Conservación, valoración ambiental e desenvolvemento sostible: propostas de análise económica dalgúns conflitos medioambientais

Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento cun prazo de execución dun ano (decembro 2007-decembro 2008).

RESUMO: O desenvolvemento económico e a conservación da natureza son dous obxectivos principais da sociedade na que vivimos que, a miúdo, están enfrontados. O obxectivo do proxecto é achegarnos á práctica da sostibilidade en Galicia, analizando casos concretos de conflitos entre explotación económica e conservación dos recursos naturais, empregando técnicas de economía ambiental.

Investigadora principal: María L. Loureiro García, IDEGA/Universidade de Santiago de Compostela

VIII. ÁREA DE ESTUDOS TURÍSTICOS

1. Convenio entre a USC e o Concello de Lugo para a posta en marcha dun Observatorio Turístico da cidade

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Lugo cun prazo de execución de un ano

RESUMO: Actividades necesarias para o funcionamento dun Observatorio Turístico na cidade.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

2. Posta en marcha do Observatorio turístico de Santiago de Compostela

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Santiago de Compostela cun prazo de execución dun ano (febreiro 2005-xaneiro 2006).

RESUMO: Posta en marcha do Observatorio turístico de Santiago de Compostela. Elaboración de enquisas a visitantes e análise e interpretación dos datos segundo a metodoloxía xa desenvolvida polo propio Observatorio. Inclúese tamén a realización de enquisas sobre equipamento hoteleiro.

As enquisas a visitantes, fundamentalmente turistas, serán continuadas ao longo de todo o ano cun mínimo de trescentas cada tres meses. Os resultados serán de carácter trimestral presentando a final de ano un resumo anual de actividades.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Manuel Antelo Suárez, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Alberto Meixide Vecino, CIEF, Fundación Caixa Galicia, Universidade de Santiago/IDEGA; Claudia del Pino, Rogelio López Romero, Fidel Martínez Roget.

3. Proxecto de posta en valor das zonas de interese natural de Santiago de Compostela. Parque forestal do monte Pedroso e contorno rural

Proxecto de investigación financiado por INCOLSA/Concello de Santiago cun prazo de execución de cinco meses.

RESUMO: O proxecto "Posta en valor das zonas de interese natural de Santiago de Compostela" atópase orientado cara á creación dun espazo de conservación ambiental accesible ao público do que, ademais da propia conservación do patrimonio (natural, cultural, histórico, etc.) se poderá obter un aproveitamento para o ocio e o turismo activo e de natureza. Tratarase dunha actuación pioneira en Compostela por dúas cuestións. Nun primeiro lugar polo que suporía unha extensión dos espazos de recreo máis aló dos límites do propio casco urbano, levando estes equipamentos a un nivel superior nas súas funcións de conservación da natureza e de contedores do ocio dos cidadáns. Por outra banda, virá a cubrir unha parte da demanda dun turismo relacionado coa natureza, que considera insuficiente o compoñente verde do turismo compostelán, sumándose tamén a oferta complementaria, outro dos puntos a fortalecer.

Outra cuestión importante será a posibilidade de ampliación posterior do proxecto cara a outros sectores do contorno da cidade de Santiago de Compostela (por exemplo, os miradoiros sobre a cidade nos montes Pedroso, Gaiás, do Gozo e Viso ou a fraga de Bando), incluso cara aos municipios próximos.

Investigador principal: Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigador: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Pablo Meira.

4. Accesibilidade e visibilidade das Oficinas de Información Turística da Xunta de Galicia: avaliación externa da calidade

Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de Turismo-Xunta de Galicia cun prazo de execución de sete meses (novembro 2005-decembro 2007).

RESUMO: A finalidade das oficinas de turismo é ofrecer información, axuda e atención ao turista, para que este poida realizar unha visita satisfactoria ao lugar de destino.

Os obxectivos do traballo serán os seguintes:

- 1.- Localizar e cartografar as oficinas de turismo pertencentes á Xunta de Galicia nas cidades e vilas galegas.
- 2.- Definir brevemente as súas principais características e o tipo de instalacións.
- 3.- Avaliar a accesibilidade das oficinas de turismo en relación cos principais puntos de interese para os turistas en cada cidade.
- 4.- Avaliar a visibilidade das oficinas de turismo en cada cidade.
- 5.- Realizar unha diagnose particular para cada unha das oficinas sobre a súa accesibilidade e visibilidade.
- 6.- Realizar unha diagnose global da accesibilidade e visibilidade das oficinas.
- 7.- Realizar un conxunto de recomendacións para mellorar a accesibilidade e a visibilidade das oficinas.

Relación con oficinas de turismo doutras institucións.

Investigador principal: Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago.

5. Estudo sobre o turismo de congresos e convencións en Santiago de Compostela

Proxecto de investigación financiado por INCOLSA cun prazo de execución de seis meses (xuño-decembro 2006).

RESUMO: Realización dun estudo sobre o impacto que o turismo de congresos e convencións ten na cidade de Santiago de Compostela segundo o esquema e a metodoloxía recollida no anexo técnico.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Claudia del Pino, Rogelio López Romero, Fidel Martínez Roget

6. *Avaliación da calidade funcional do Camiño de Santiago francés ao seu paso por Galicia*

Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de Turismo-Xunta de Galicia cun prazo de execución de tres meses (febreiro-marzo 2006).

RESUMO: O obxectivo fundamental deste proxecto é a elaboración dun diagnóstico sobre a calidade funcional do Camiño de Santiago francés o seu paso por Galicia. Dita diagnose constituirá unha ferramenta fundamental para unha mellor xestión do camiño e a definición dunha serie de estratexias que teñan como finalidade a recuperación, conservación e mellora deste importante recurso patrimonial. Todo iso redundará en que os milleiros de usuarios que anualmente percorren o camiño encontren as condicións adecuadas para poder gozar dunha óptima experiencia.

Investigador principal: Alberto Martí Ezpeleta, Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago Compostela.

7. *Promoción do turismo cultural de Galicia en Brasil*

Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de Turismo-Xunta de Galicia cun prazo de execución de tres meses.

RESUMO: Análise exhaustivo de valoración dos camiños de Santiago en Brasil: estudo das posibilidades de difusión neste país desta oferta de turismo cultural.

Investigador principal: Román Rodríguez González, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago.

8. *Observatorio do Camiño de Santiago*

Proxecto de investigación financiado pola S. A. de Xestión do Plan Xacobeo cun prazo de execución de dous anos.

RESUMO: Análise exhaustiva de valoración dos camiños de Santiago entre os peregrinos: estudo das ofertas turísticas dos mesmos.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadoras: Rosa María Fernández Gómez e Paula Solla Sineiro.

9. Índices de concentración xeográfica das instalacións de turismo rural na provincia de Lugo

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Innovación e Industria, cun prazo de execución de sete meses (xuño-decembro 2006)

RESUMO: Análise da concentración dos establecementos de turismo rural na provincia de Lugo e o impacto sobre as economías locais, así como propostas de mellora do turismo rural na citada provincia.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Claudia del Pino Martínez, Rogelio López Romero, Fidel Martínez Roget.

10. Realización do asesoramento de estudos históricos no campo da xeografía e do turismo

Proxecto de investigación financiado polo Consorcio da cidade de Santiago cun prazo de execución de tres meses (outubro-decembro 2006)

RESUMO: Asesoramento arredor do observatorio urbano da cidade de Santiago do Consorcio da cidade.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

11. Plan de desenvolvemento turístico da Mariña Lucense

Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de Turismo-Xunta de Galicia cun prazo de execución de catro meses (setembro-decembro 2006)

RESUMO: Realización dunha diagnose e das estratexias para a planificación do destino turístico da Mariña de Lugo.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Claudia del Pino Martínez, Liduvina Campoamor, Carlos Patiño Romarís, Juan López Bedoya.

12. Turismo pesqueiro. Exemplo de boas prácticas desenvolvidas en España

Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de Turismo-Xunta de Galicia cun prazo de execución de cinco meses.

RESUMO: Este proxecto pretende a difusión e o desenvolvemento dunha acción innovadora (o turismo pesqueiro), co obxectivo de definir unha diversificación económica en zonas onde se practica a pesca, mediante o desenvolvemento de actividades complementarias e/ou alternativas que reduzan o “esfuerzo pesqueiro” e, á vez, axuden na protección do medio ambiente, e na valorización do modo de vista dos mariñeiros.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

13. Análise e valoración das estratexias turísticas da provincia da Coruña

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Innovación e Industria cun prazo de execución dun ano (novembro 2006-novembro 2007)

RESUMO: Análise e valoración das críticas das estratexias turísticas que se están desenvolvendo na provincia da Coruña

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Claudia del Pino Martínez, Rogelio López Romero, Fidel Martínez Roget, Dulce Costas Carro.

14. Observatorio turístico de Galicia

Proxecto de investigación financiado pola Dirección Xeral de Turismo cun prazo de execución tres meses.

RESUMO: Estudo previo para a posta en marcha dun observatorio turístico de Galicia, e realización de xornadas técnicas.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

15. *Desenvolvemento dun modelo para a xestión turística das comarcas de Eume, Ulloa e Ribeiro*

Proxecto de investigación financiado pola S. A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia

RESUMO: Proposta para a creación de entes xestores de turismo nas comarcas citadas. Necesidade de realizar entrevistas a axentes sociais e económicos das comarcas afectadas polo estudo.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Claudia del Pino Martínez, Rogelio López Romero, Fidel Martínez Roget, Laura Pena.

16. *Realización dun estudo para a posta en valor e uso da Illa de San Simón*

Proxecto de investigación financiado pola Xunta de Galicia cun prazo de execución de dous meses (maio-xuño 2006)

RESUMO: Estudo da capacidade de carga e posibilidades de uso da Illa de San Simón e os seus diferentes espazos.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Miguel Pazos Otón, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela; Alberto Martí Ezpeleta, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela, Federico López Silvestre.

17. *Elaboración dun estudo de viabilidade de creación dun ente xestor para o destino turístico da Costa da Morte*

Proxecto de investigación financiado pola Diputación Provincial da Coruña cun prazo de execución de dous meses (maio-xuño 2006)

RESUMO: Estudo relacionado coa creación dun ente xestor para o turismo na comarca da actuación do plan de dinamización turística da Costa Morte.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Claudia del Pino Martínez, Rogelio López Romero, Fidel Martínez Roget, Laura Pena.

18. Proxecto Coesima

Proxecto de investigación financiado polo Museo das peregrinacións-Xunta de Galicia cun prazo de execución de dous meses (novembro-décembro 2006)

RESUMO: Traballos de comisariado técnico do seminario que o proxecto europeo Coesima vai celebrar en Santiago.

Investigador principal: Xosé Santos Solla, Departamento de Xeografía /IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Investigadores: Claudia del Pino Martínez, Rogelio López Romero, Fidel Martínez Roget.

PUBLICACIONES

1. A Economía Galega. Informe 2005

Análise do comportamento da economía de Galicia no ano 2005, poñéndoa en relación coa economía española, examínase a evolución tanto no seu conxunto como no detalle dos seus sectores.

Investigador principal: Alberto Meixide Vecino, CIEF, Fundación Caixa Galicia-Universidade de Santiago/IDEGA.

Investigadores: Juan. J Ares Fernández, Universidade de Santiago/IDEGA; Roberto Bande Ramudo, Universidade de Santiago; Ángel Calvo Santos, Universidade de Vigo; Cristina Calvo Santos, Universidade de Vigo; Manuel Fernández Grela, Universidade de Santiago/IDEGA; Uxío Labarta Fernández, CSIC/Instituto de Investigacións Mariñas; Xan López Facal, Economista; Dolores Martínez Martínez CIEF/Fundación Caixa Galicia; Fidel Martínez Roget, Universidade de Santiago; Carlos Nárdiz Ortiz, Universidade da Coruña; Luis Otero González, Universidade de Santiago; Xulio X. Pardellas de Blas, Universidade de Vigo; Marcos I. Pérez Pérez, Universidade de Vigo; Miguel Pousa Hernández, Universidade de Santiago/IDEGA.; Francisco Sineiro García, Universidade de Santiago; Miguel Anxo Vázquez Taín, Universidade de Santiago; Manuel Vilas Fernández, Universidade de Santiago.

Versión galega: Boquela Traductores

Colaboradores: Manuel López Sande

Editado pola Fundación Caixa Galicia.

I.S.B.N.: 84-96494-66-7

Depósito Legal: C-1635-2006

2. *Informe de conxuntura da economía galega*

O Informe de conxuntura da economía galega, cunha periodicidade trimestral, presenta a análise sobre a evolución máis recente dun conxunto de variables macroeconómicas básicas, o que permite obter conclusións sobre a tendencia que está seguindo esta economía. O estudo encádrase no contexto da economía española e mundial, polo que, en primeiro lugar, estúdase a conxuntura destas dúas áreas xeográficas, para, deseguido, abordar pormenorizadamente a evolución da economía galega distinguindo cinco grandes apartados: demanda, actividade, comercio exterior, prezos e mercado de traballo. Realízanse predicións a partir dunha análise multivariante de series temporais dos principais indicadores.

Coordinador: Alberto Meixide Vecino, CIEF-Fundación Caixa Galicia, Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA.

Investigadores: Juan J. Ares Fernández, Universidade de Santiago de Compostela /IDEGA; Manuel Febrero Bande, Universidade de Santiago de Compostela; Wenceslao González Manteiga, Universidade de Santiago de Compostela /IDEGA; Miguel Pousa Hernández, Universidade de Santiago de Compostela /IDEGA; Juan Carlos Reboredo Nogueira, Universidade de Santiago de Compostela; José María da Rocha Álvarez, Universidade de Vigo /IDEGA.

Colaboradora de investigación: Dolores Martínez Martínez, CIEF- Fundación Caixa Galicia.

Versión galega: Horácio Vixande.

Números publicados:

Informe de conxuntura da economía galega. Marzo 2006

Informe de conxuntura da economía galega. Xuño 2006

Informe de conxuntura da economía galega. Setembro 2006

Informe de conxuntura da economía galega. Decembro 2006

3. *Documentos de Traballo IDEGA*

Consello Editor:

Xoaquín Álvarez Corbacho; Manuel Antelo Suárez; Juan J. Ares Fernández; Xesús Leopoldo Balboa López; Xosé Manuel Beiras Torrado; Salvatore Capasso; Joam Carmona Badía; Luis Castañón Llamas; Melchor Fernández Fernández; Manuel Fernández Grela; Xoaquín Fernández Leiceaga; Lourenzo Fernández Prieto; Carlos Ferrás Sexto; Ignacio García Jurado; M^a do Carmo García Negro; Xesús Giráldez Rivero; Wenceslao González Manteiga; Manuel Jordán Rodríguez; Ruben C. Lois González; Edelmiro López Iglesias; Xosé Antón López Taboada; María L. Loureiro García, Alberto Meixide Vecino; Emilio Pérez Touriño; Miguel Pousa Hernández; Carlos J. Ricoy Riego; José M^a da Rocha Álvarez; Román Rodríguez González; Xavier Rojo Sánchez; Xosé Santos Solla; Francisco Sineiro García.

Coordinadora da edición:

María L. Loureiro García, IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela

ENTIDADES COLABORADORAS

- Fundación Caixa Galicia
- Fundación Feiraco
- Caixanova

NÚMEROS PUBLICADOS:

1. ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA:

1.1. Documentos de Trabajo. Análise Económica 36

Autor: Giovanni Cerulli, CERIS-CNR, Research Institute on Firm and Development

Título: *The redistributive role of non-profit organizations*

2. ÁREA DE XEOGRAFÍA:

2.1. Documentos de Trabajo. Xeografía 19

Autor: Guillermo Márquez Cruz, Universidade de Santiago de Compostela

Título: *Las formas y tipos de gestión de las competencias de los gobiernos locales en Galicia: la dinámica de la gobernanza y el marco de las políticas públicas*

2.2. Documentos de Trabajo. Xeografía 20

Autor: Francisco Xosé Armas Quintá, Universidade de Santiago de Compostela

Título: *Emigración de retorno na Galicia interior. O caso de Antas de Ulla (1950-2000)*

2.3. Documentos de Trabajo. Xeografía 21

Autores: Miguel Pazos Otón, Rubén C. Lois González, Universidade de Santiago de Compostela

Título: *A mobilidade en taxi en Santiago de Compostela*

2.4. Documentos de Trabajo. Xeografía 22

Autor: Ángel Miramontes Carballada, Universidade de Santiago de Compostela

Título: *A situación da industria da transformación da madeira e a súa relación co sector forestal en Galiza ante a chegada do século XXI*

3. ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA:

3.1. Documentos de Trabajo. Economía Aplicada 22

Autor: Manuel González López, Universidade de Santiago de Compostela

Título: *Os servizos a empresas intensivos en coñecemento nas rexións periféricas: crecemento nun contexto de dependencia externa?*

3.2. Documentos de Trabajo. Economía Aplicada 23

Autora Carmela Sánchez Carreira, Universidade de Santiago de Compostela

Título: *O papel da empresa pública na innovación: unha aproximación á experiencia española*

DOCENCIA

1. PROGRAMA DE DOUTORAMENTO: Integración Económica, Desenvolvemento e Medio Ambiente

COORDINADOR

Manuel Fernández Grela

OBXECTIVOS

Introducir aos alumnos na investigación en áreas relacionadas coa análise e interpretación dos procesos de integración que están a producirse na economía mundial, con especial referencia ás experiencias europeas e latinoamericanas e aos impactos sobre o grao de desenvolvemento das economías implicadas e sobre o medio ambiente.

O programa caracterízase pola súa vocación aplicada e porque en cada curso trátanse simultaneamente feitos, modelos e técnicas de análise económica, superando a separación entre teoría e práctica. O programa aposta por un enfoque global que permita prover aos alumnos dunha base sólida para o desenvolvemento da investigación no campo dos procesos de integración económica actuais e futuros, do desenvolvemento económico e social e da regulación medioambiental.

TITULACIÓNS CON ACCESO AO PROGRAMA

- i) Licenciatura en Economía
- ii) Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
- iii) Licenciatura en Xeografía
- iv) Enxeñería Agrónoma
- v) Licenciatura en Ciencias Ambientais
- vi) Outras titulacións afíns

ÁREAS

Áreas de Coñecemento

- Economía Aplicada
- Fundamentos da Análise Económica
- Historia e Institucións Económicas
- Economía, Socioloxía e Política Agraria
- Análise Xeográfico Rexional
- Xeografía Humana

Áreas de Coñecemento da UNESCO

- Economía internacional
- Economía sectorial
- Xeografía económica
- Outras especialidades económicas

DOCENCIA

- Relacións internacionais.	
Aspectos comerciais e financeiros	3 créditos
- Finanzas e desenvolvemento	3 créditos
- Técnicas estatísticas de análise social e medioambiental	3 créditos
- Técnicas e métodos de xestión sustentable do territorio	4 créditos
- Economía ambiental e dos recursos naturais	3 créditos
- Avaliación de políticas económicas e medioambientais:	
Modelos e métodos	3 créditos
- Xestión e planeamento en cascos urbanos	4 créditos
- Fluxos migratorios	2 créditos
- A cadea alimentaria e a política agraria na Unión Europea	2 créditos
- Defensa da competencia e desenvolvemento económico	2 créditos
- Desenvolvemento económico local e novas tecnoloxías	2 créditos

SEGUNDO CURSO

Traballo de investigación tutelado

2. *Apoio académico e institucional ao Programa de Doutoramento en Economía da Universidad de La Habana (Cuba)*

Entidades Solicitantes

- Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. USC
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de Vigo
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de A Coruña

Contraparte ou socio local

- Facultade de Economía. Universidad de La Habana.

Formulación xeral do proxecto

Esta actividade constitúe un proxecto de cooperación científica e académica entre a Universidad de La Habana e a Universidade de Santiago de Compostela, contando ademais co respaldo das Universidades da Coruña e Vigo, e o apoio económico da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior. O proxecto levarase a cabo durante o trienio 2005-2007 (de abril do 2005 a setembro do 2007).

OBXECTIVOS DO PROXECTO

Obxectivo xeral

Lograr apoio académico e institucional ao Programa de Doutoramento en Economía, co fin de garantir a continuidade de estudos superiores dos profesionais beneficiarios do “Proxecto de apoio institucional ao Programa de Mestría en Economía da Universidad de La Habana”, levado a cabo pola Universidade de Santiago de Compostela, así como tamén doutros profesionais do resto das universidades cubanas, centros de investigación e outros organismos económicos. Así mesmo, aspirárase a contribuír significativamente á capacitación e recualificación na área de economía, logrando un efecto multiplicador no sistema educacional do país, acorde coas necesidades da economía cubana ante o escenario internacional que afronta.

Obxectivos especiais

1. Fortalecer a base técnica e profesional do Programa de Doutoramento en Economía da Universidad de La Habana, para a súa adecuada posta en funcionamento.
2. Fortalecer os vínculos institucionais entre a Universidad de La Habana e a Universidade de Santiago de Compostela, e ampliar as relacións de intercambio e cooperación ao resto das universidades galegas.
3. Contribuír a elevar o número de doutores nos claustros profesorais do Sistema de Educación Superior en Cuba.
4. Desenvolver liñas de investigación relevantes para a economía cubana, coa contribución e experiencia das universidades de Galicia.

Estrutura do Programa

A continuación descríbense cada unha das etapas do Programa, especificando as actividades que corresponden as accións anteriormente comentadas. O Programa de Doutoramento conta con dúas etapas:

- A. Formación teórica-metodolóxica
- B. Formación como investigador.

A. Formación teórica-metodolóxica: comprende a impartición de cursos por parte de profesores das catro universidades involucradas organizados en catro áreas temáticas, segundo se describe a continuación.

MATERIAS	PARTICIPANTES	TEMPO
REGULACIÓN ECONÓMICA		
Economía industrial	J. María da Rocha	20h 1 Semana
	Félix Marrero	20h 1 Semana
Finanzas públicas	Xabier Labandeira	20h 1 Semana
	Carlos Gradín	20h 1 Semana
Economía ambiental	María L. Loureiro	20h 1 Semana
INTEGRACIÓN ECONÓMICA		
Comercio internacional	Julio Sequeiros	20h 1 Semana
Integración Económica	J.M. Mendez Naya	20h 1 Semana
Experiencias internacionais	Iván López	20h 1 Semana
de procesos de integración	1 prof. UH	20h 1 Semana
POLITICAS PÚBLICAS		
Políticas de desenvolvemento local	Manuel Jordán	20h 1 Semana
Análise sectorial: sector	Xesús López Pereira	20h 1 Semana
Agroalimentario e turismo	Francisco Sineiro	20h 1 Semana
Globalización e políticas macroeconómicas	2 prof. UH	40h 2 Semanas
METODOLOXÍA DAS CIENCIAS E ECONOMÍA POLÍTICA		
Problemas das ciencias, tecnoloxía e sociedade	1 prof. UH	20h 1 Semana
Metodoloxía da ciencia económica	1 prof UH	20h 1 Semana
Temas de Economía política	1 prof UH	20h 1 Semana

Nas materias a cargo de profesores das universidades galegas combinarase a docencia presencial impartida en La Habana con actividades de docencia non presencial (subministro de materiais de apoio, labores de consulta, etc.), que se levarán a cabo a través da Aula Virtual desenvolvida dentro da páxina web da Universidade de Santiago de Compostela.

B. Formación como investigador

As liñas de investigación serán ofertadas polas catro universidades participantes segundo as súas posibilidades e intereses, e serán aprobadas polo comité académico do Programa. Unha

vez seleccionados os temas por parte dos estudantes, asignarase un director e un titor para cada un dos traballos de investigación. Os estudantes que rematen o Programa de Doutoramento en Cuba contarán coa dirección dun doutor cubano e a asesoría dun titor das Universidades Galegas. Mentres que para o caso dos seis doutorandos cubanos matriculados en programas de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela a dirección estará a cargo dun profesor das Universidades Galegas e a tutoría de parte dun doutor da Universidad de La Habana.

Para el desenvolvemento desta etapa, en concreto a realización dos labores de dirección/tutoría por parte dos profesores das Universidades Galegas, contarase co soporte ofrecido pola Aula Virtual do Programa. Incluindo ademais as seguintes actividades formativas:

1. Primeiro Taller de Investigación (Taller 1) Ten como propósito a presentación dos proxectos de teses doutoral dos estudantes, a partir dos temas seleccionados previamente e aprobados polo comité académico. Dito Taller realizarase en La Habana, coa participación de profesores da Universidad de La Habana e as universidades galegas.

2. Segundo Taller de Investigación Éste dividirse en dous:

Taller 2A A realizar na Universidad de La Habana. Ten como propósito a presentación por parte dos doutorandos que rematen o Programa na Universidad de La Habana do seu traballo de investigación. Unha vez presentado e aprobado o traballo polo comité académico, obteranse cinco créditos válidos para o programa de doutoramento cubano. Neste taller contarase cunha representación das universidades galegas.

Taller 2B A realizar na Universidade de Santiago de Compostela. Ten como propósito a presentación do traballo de investigación por parte dos seis doutorandos matriculados en programas de doutorado da Universidade de Santiago, a fin de obter la suficiencia investigadora de acordo coas normas desta Universidade. Neste taller contarase cunha representación da Universidad de La Habana.

Coordinación e xestión do proxecto

A coordinación e dirección do proxecto estará a cargo de:

A. Un Comité de Coordinación, que asumirá a dirección do proxecto, nas cuestións académicas, organizativas e de xestión. Estará integrado por:

1. Melchor Fernández Fernández. Universidade de Santiago de Compostela
2. Manuel Fernández Grela. Universidade de Santiago de Compostela
3. Vilma Hidalgo de los Santos. Universidad de La Habana
4. Félix Marrero Prieto. Universidad de La Habana

B. Un Comité Académico por parte das universidades galegas. Estará integrado por representantes do IDEGA e das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

C. Un Comité Académico por parte da Facultade de Economía da Universidad de La Habana.

3. *CURSO DE FORMACION Integración e desenvolvemento Eurorrexional*

Curso financiado polo proxecto europeo “Intereg IIIA España-Portugal Campus-Rede”. Este curso tivo unha duración de 120 créditos distribuídos en seis módulos de 20 créditos cada un.

ORGANIZACIÓN

BLOQUE 1: *Territorio, patrimonio, poboación e sectores produtivos*

Universidade de Vigo

Módulo 1a. *Cultura, patrimonio e turismo*

Director: Prof. Dr. Luís Domínguez.

Universidade do Porto

Módulo 1b. *Territorio e poboación*

Director: Prof. Dr. Jorge Alves.

BLOQUE 2: *Administración, lexislación e cooperación*

Universidade da Coruña

Módulo 2a. *Administración e lexislación eurorrexional.*

Director: Prof. Dr. Juan Raposo Arceo

Universidade de Minho

Módulo 2b. *Eurorexión e cooperación internacional*

Director: Prof. Dr. Cândido de Oliveira.

BLOQUE 3: *Desenvolvemento sostible*

Universidade de Santiago de Compostela

Módulo 3a. *Desenvolvemento sostible eurorrexional*

Director: Prof. Dr. Melchor Fernández.

Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro

Módulo 3b. *Desenvolvemento sostible e globalización*

Director: Prof. Dr. Francisco Diniz.

Seguindo as liñas de actuación marcadas no proxecto, o módulo do curso de formación correspondente á USC, baixo a coordinación do IDEGA, Desenvolvemento sostible Eurorrexional tivo un marcado carácter multidisciplinar e interuniversitario, participando 29 profesores de 9 áreas de coñecemento con docencia nas seis universidades públicas da eurorexión. Este amplo plantel de profesores tiña como obxectivos prioritarios facilitar a creación de redes transfronteirizas e ofrecer unha formación ampla con marcado carácter multidisciplinar sobre diferentes problemas eurorrexionais. De feito, na actualidade xa se iniciaron os contactos para formalizar novas redes de colaboración entre o profesorado vinculado ao módulo. O módulo desenvolveuse con normalidade e cumprindo estritamente o programa e calendario previstos inicialmente. Atendendo á natureza científica do módulo e dado o marcado carácter investigador do IDEGA, organizador do módulo, tanto na docencia

teórica como na práctica, o ffo condutor foron os proxectos de investigación realizados polo equipo docente dende as súas diferentes perspectivas.

O alumnado tamén se caracterizou pola multidisciplinaridade, con exemplos de máis de 10 titulacións distintas obtidas en 9 universidades. O módulo tivo unha elevada demanda, feito que se traduciu nunha importante lista de espera. Dos 20 alumnos que iniciaron o curso, só un desistiu a mediados do curso por causa laboral. Outros tres non cumpriron co mínimo de aulas presenciais, mentres que o resto (16 alumnos) concluíron o curso con aproveitamento e maioritariamente entregaron a súa memoria. O principal problema é a imposibilidade de ofertar prácticas nas institucións, polo necesario compromiso formal de vinculación que non foi posible cerrar nas datas do módulo, quedando pendente a posibilidade de realización nos módulos seguintes. Como estaba previsto, o IDEGA facilitou as prácticas nos grupos de investigación adscritos, o que foi aproveitado por sete dos alumnos do módulo.

ESTRUTURA ACADÉMICA		
A estrutura do módulo dividirase nos seguintes campos temáticos:		
MÓDULO 1		
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE EURORREXIONAL		
1. Conceptos e teorías fundamentais sobre o desenvolvemento sostible 2 créditos teóricos	2. Desenvolvemento sostible e desenvolvemento humano 2 créditos teóricos	3. Políticas multilaterais e bilaterais e estratexias de desenvolvemento 1,5 créditos teóricos
4. Estratexias de actuación á luz dos estudos estratéxicos 1,5 créditos teóricos	5. Identificación das debilidades, fortalezas, oportunidades e ameazas do desenvolvemento eurorrexional 1,5 créditos teóricos	6. Adaptación de innovacións, novas tecnoloxías e sociedade da información 1,5 créditos teóricos
- Os contidos teóricos estarán complementados pola impartición dun total de 4 créditos de aulas prácticas e a oferta de bolsas de prácticas laborais, en distintas empresas, administracións e grupos de investigación.		
- Ao final do curso os/as alumnos/as terán que elaborar unha memoria titorizada sobre os coñecementos adquiridos que servirá para a súa avaliación por parte do profesor.		

4. *CURSO CETUR Curso de formación para informadores de Oficinas de Turismo e Guías*

Curso celebrado todos os luns e martes do mes de novembro de 2006

Lugares de celebración:

- Cámara de Comercio de Santiago de Compostela
- Facultade de Filosofía
- Facultade de Xeografía
- Centro de Estudos Avanzados

Patrocina:

- Deputación da Coruña

Organiza:

- Centro de Estudos Turísticos

**CONFERENCIAS E SESIÓNS
CIENTÍFICAS**

1. Área de Análise Económica

- 1.1. *Rational Expectations and the Rise of New Classical Macroeconomics*
Manuel Fernández Grela. IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela (03/03/2006)
- 1.2. *The Role of Foreign Direct Investment in Reducing Unemployment in Underdeveloped Regions*
Dr Matylda Bojar, Lublin University of Technology (25/04/2006)
- 1.3. *Threshold effects in the corruption-growth relationship*
Vania Sena; Aston Business School (30/05/2006)
- 1.3. *Corruption and Economic Growth*
Keith Blackburn; University of Manchester (02/06/2006)
- 1.4. *Evolución comparada da discriminación salarial por xénero: España versus Galiza*
Yolanda Pena Boquete. IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela (16/06/2006)
- 1.4. *A economía sumerxida*
Yoana Bermúdez, IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela. (23/06/2006)

2. Área de Xeografía

- 2.1. *Relacións teórico-conceptuais entre Sociedade da Información e Calidade de Vida*
Carlos Macía Arce, IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela (17/02/2006)
- 2.2. *A Pegada Romana na Galicia no Século XXI*
Ana Suárez Piñeiro, IDEGA (17/03/2006)
- 2.3. *Democracy, cultural exclusion and the renaming of South Africa's capital city (Pretoria)*
Carl André Horn. Universidade de Pretoria (28/03/2006)
- 2.4. *Estratexias de E-Inclusión a nivel municipal. A experiencia de Infobrion*
Yolanda García Vazquez. IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela (07/04/2006)

- 2.5. *Novas tecnoloxías e desenvolvemento rural*
Francisco José Armas Quintá, IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela (28/04/2006)
- 2.6. *O desequilibrio da industria transformadora da madeira e o sector forestal en Galiza*
Ángel Miramontes Carballada, IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela (19/05/2007)
- 2.7. *El turismo náutico y los puertos deportivos: planificación y potencialidades económicas*
José Antonio Díaz Fernández e Carlos A. Patiño Romarís (07/07/2006)

3. Área de Pensamento Económico

- 3.1. *Un problema fundamental en el concepto de renta agregada*
Kepa M. Ormazábal, Universidade do País Vasco (10/03/2006)

4. Área de Economía Aplicada

- 4.1. *Energía e Innovación Tecnológica en Cuba*
Raúl Torres Fuentes, membro da Dirección de Ciencia y Tecnología do Ministerio de Educación Superior de Cuba (20/01/2006)
- 4.2. *Optimización dinámica: Aplicación a la pesca de la langosta en Cuba*
Elisa Miguén Morey. Universidad de La Habana (03/02/2006)
- 4.3. *La feminización de la inmigración en Italia*
Susana Martínez, Università degli Studi di Firenze-Universitá Autónoma de Barcelona (24/03/2006)
- 4.4. *A valoración económica das perdas das aves ocasionada polo Prestige*
Elena Ojea Fernández Colmeiro, IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela (21/04/2007)

5. Seminarios do Programa de Doutoramento

- 5.1. *Corporate foresight-an attempt to listen to the voice of futures' generation in the strategy making processes*
Judit Gáspár, Corvinus University. Hungria (31/03/2006)

**CONGRESOS, XORNADAS e
SEMINARIOS DO CETUR**

I. II Congreso As Comunidades Costeiras Dependentes da Pesca en Tempos de Cambio “O Patrimonio como Motor de Desenvolvemento Turístico”

Muros, 20 a 22 de abril de 2006

Congreso celebrado na Casa da Cultura do Concello de Muros

II. Os grandes retos da creación de emprego de Galicia

Santiago de Compostela, 20 e 21 de xullo de 2006

Xornada celebrada na Escola Universitaria de Relacións Laborais da Universidade de Santiago

III. Xornadas SINDUR “Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Rural”

Peñaranda de Bracamonte, 11 de decembro de 2006

Xornada celebrada no Centro Internacional de Tecnoloxías Avanzadas da Fundación Germán Sánchez Ruipérez

IV. SEMINARIOS DO CETUR

1. Xornada técnica CETUR: “Estatística en Turismo”

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2006

Xornada celebrada no Centro de Estudos Avanzados

Organiza:

Centro de Estudos Turísticos CETUR

2. Seminario: “Marketing turístico”

Lugo, 20 a 22 de febreiro de 2006

Seminario celebrado na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo

Organiza:

Centro de Estudos Turísticos CETUR

3. Seminario: “Potencialidades do Turismo Náutico en Galicia”

O Grove, 17 e 17 de marzo de 2006

Seminario celebrado na embarcación “José Miguel Masiques”

Organiza:

Centro de Estudos Turísticos CETUR

4. Seminario: “*Novos produtos nos mercados turísticos*”

Santiago de Compostela, 17 a 19 de abril de 2006

Seminario celebrado no Gran Hotel Santiago

Organiza:

Centro de Estudos Turísticos CETUR

5. Seminario: “*As TIC aplicadas ao Turismo*”

Santiago de Compostela, 5 a 7 de xuño de 2006

Seminario celebrado no Gran Hotel de Santiago

Organiza:

Centro de Estudos Turísticos CETUR

6. Seminario: “*Lugo, un destino turístico con futuro*”

Lugo, 23 a 25 de outubro de 2006

Seminario celebrado no Gran Hotel Lugo

Organiza:

Centro de Estudos Turísticos CETUR

PUBLICACIÓNS 2006
INVESTIGADORES DO IDEGA

Equipo realizador: Pousa Hernández, M. e outros

Título: A economía galega. Informe 2005

Editorial: Fundación Caixa Galicia

Equipo realizador: Pousa Hernández, M. e outros

Título: Informe de conxuntura da economía galega. 1º Trimestre 2006

Editorial: Fundación Caixa Galicia

Autor: Francisco Xosé Armas Quinta

Título: Emigración de retorno na Galicia interior (1950-2000)

Edita: IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela

Autores: Ferrás Sexto, Carlos, Armás Quintá, Francisco Xosé; Macía Arce, Carlos e García Vázquez, Yolanda

Título: Cultura e novas tecnoloxías. A experiencia de InfoBrion.com

Ref. Libro: Cultura e novas tecnoloxías

Editorial: Consello da Cultura Galega

Coordinadores: Ferrás Sexto, Carlos, Armás Quintá, Francisco Xosé; Macía Arce, Carlos e García Vázquez, Yolanda

Libro: Sociedade da información en espazos periféricos. Novas formas de exclusión social

Editorial: Universidade de Santiago de Compostela

Páxinas: 252 Páxinas

Autor: Armás Quintá, Francisco Xosé; Macía Arce, Carlos e García Vázquez, Yolanda

Título: Aproximación á metoloxía aplicada no marco do proxecto SINDUR: Unidades de traballo TIC Audit, Information Web Auditm, E Inclusión e Info-Atlas

Ref. Libro: Sociedade da información en espazos periféricos. Novas formas de exclusión social

Editorial: Universidade de Santiago de Compostela

Páxinas: inicial: 45 final: 61

Autor: Armás Quintá, Francisco Xosé; Macía Arce, Carlos e García Vázquez, Yolanda

Título: La escuela rural en Galicia: El caso de la plataforma de Cibereducación en el Concello de Brión

Ref. Revista: Aula de innovación educativa

Editorial: Graó

Número: 149

Coordinador: Carmona Badía, X

Título: Empresarios de Galicia

Editorial: Fundación Caixa Galicia (A Coruña)

Autores: Carmona Badía, X. y Alonso Alvarez, L

Título: La configuración del tejido empresarial de Galicia (1880-2002)

Ref. Revista: Historia empresarial de España. Un enfoque regional en profundidad

Volume: 2006 Páxinas, inicial: 281 final: 314

Autores: Keith Blackburn, Niloy Bose e Salvatore Capasso
Título: Financial Development, Financing Choice and Economic Growth
Ref. Revista: Review of Development Economics
Volume: 9 N° 2 Páxinas, inicial: 135 final: 149 **Data:** 2005

Autor: Salvatore Capasso
Título: Stock Markets Development and Economic Growth
Ref. Libro: Domestic Resource Mobilization and Financial Development
Editorial: George Mavrotas, McGraw and Hill

Autor: Salvatore Capasso
Título: I Mercati Monetari e Finanziari
Ref. Libro: Rapporto sulle Economie del Mediterraneo
Páxinas: 233-260
Editorial: Paolo Malanima, Il Mulino

Autor: Salvatore Capasso
Título: Crime, inequality and Economic Growth
Ref. Libro: Innovation, Unemployment and Policy in the Theories of Growth and Distribution
Páxinas: 530-555
Editorial: Neri Salvadori, Edward Elgar

Autor: Salvatore Capasso
Título: Financial Markets, Development and Economic Growth: Tales of Informational Asymmetries
Ref. Libro: Issues in Monetary, Financial and Macroeconomic: Adjustment Policies
Páxinas: 530-555
Editorial: Stuart Sayer, Blackwell Publisher

Autores: Fernández Fernández, M.; Montuenga, V.M. e García, I
Título: Regional Wage Flexibility: the Wage Curve in Five EU Countries
Ref. Revista: The European Labour Market
Data: 2006

Autores: Fernández Fernández, M. e Pena Boquete, Y.
Título: Diferencias salariales por sexo en Aragón: un análisis comparado de la evolución de la discriminación salarial y su distribución por grupos
Ref. Revista: Cuadernos Aragoneses de Economía
Volume: 16 Páxinas, inicial 113 final: 136

Autores: Fernández Fernández, M.; Arias, C.; Manrique, C. e Santos, D.
Título: Caracterización del factor trabajo en el sistema de cuentas: una aplicación de las cuentas del empleo
Ref. Revista: Cuadernos Aragoneses de Economía
Volume: 16 **Número:** 1

Autores: Fernández Fernández, M.; Meixide Vecino, A. e Simón, H.

Título: El empleo de bajos salarios en España

Ref. Revista: Información Comercial Española

Volume: 833 Páxinas, inicial: 177 final: 197

Autores: Fernández Grela, Manuel

Título: Disaggregating the Components of the Hicks-Allen Composite Commodity

Ref. Revista: History of Political Economy

Volume: 38 (supl) Páxinas, inicial: 32 final: 47

Autores: García-Jurado, I. e González-Díaz, J.

Título: The role of commitment in repeated games

Ref. Revista: Optimization

Volume: 55 Páxinas, inicial 541 final: 553

Autores: Carpenente, L.; Casas, B.; García-Jurado, I.; e Van den Nouweland, A.

Título: The Shapley valuation function for strategic games in which players cooperate

Ref. Revista: Mathematical Methods of Operations Research

Volume: 63 Páxinas, inicial 435 final: 442

Autores: García-Jurado, I.; González-Díaz, J. e Villar, A.

Título: A Non-Cooperative Approach to Bankruptcy Problems

Ref. Revista: Spanish Economic Review

Volume: 8 Páxinas, inicial 189 final: 197

Coordinador: Fernández Prieto, L.

Revista: Memoria do 36

Editorial: Grial

Volume: 170 Páxinas, inicial: 15 final: 82

Autores: Fernández Leiceaga, X.; Fernández Prieto, L.; López Iglesias, E.; . Jordán Rodríguez, M.; Besteiro Rodríguez, B.; Viso Outeiriño, P.; Balboa López, X. e Soto Fernández, D.(Grupo de Estudos da Propiedade Comunal-IDEGA)

Título: Os montes veciñais en man común: o patrimonio silente. Natureza, Economía, identidade e democracia na Galicia rural

Editorial: Edicións Xerais de Galicia

Páxinas: 518

Autor: Fernández Prieto, L.

Título: A invención da raza rubia

Ref. Revista: A gandaría, tesouro de Galicia

Editorial: Museo do Pobo Galego/I.X.P. Ternera Gallega

Páxinas, inicial: 97, final: 196

Autor: Fernández Prieto, L. e Domínguez, A.

Título: O asocianismo labrego galego no primeiro tercio do século XX: orixes e evolución da Sociedade Agraria de Luou

Ref. Revista: Cen anos de Historia. A Historia do Sindicato de Agricultores e Gandeiros de Luou e de cen anos de vida social na parroquia

Editorial: Tórculo

Páxinas, inicial: 139, final: 146

Autor: Fernández Prieto, L.

Título: Máis memoria ca historia. Unha historia deformada, unha historiografía para revisar

Editorial: Grial

Páxinas, inicial: 15 final: 25

Autor: Fernández Prieto, L.

Título: Identidade e historia

Editorial: Grial

Volume: 7 Páxinas, inicial: 87 final: 100

Autor: Ferrás Sexto, Carlos

Título: ¿Desenvolvemento da sociedade da información en Galicia e Norte de Portugal

Ref. Libro: Sociedade da información en espacios periféricos. Novas formas de exclusión social

Editorial: Universidade de Santiago de Compostela

Páxinas: inicial: 15 final: 43

Autores: Loureiro, Maria L. e Rodolfo M. Nayga

Título: Obesity, Weight Loss, and Physician's advice

Ref. Revista: Science and Medicine

Volume: 62 Páxinas, inicial: 2458 final: 2468

Autores: Loureiro, Maria L.; Gracia, A. e Rodolfo Nayga, Jr.

Título: Do European Consumers Value Nutritional Labels?

Ref. Revista: European Review of Agricultural Economics

Volume: 33 N° 1 Páxinas, inicial: 249 final: 268

Autores: Loureiro, Maria L. e Vázquez, M. X.

Título: Incentivos y Políticas de Gestión de Catástrofes Ambientales Marinas: el Prestige

Ref. Revista: Cuadernos económicos del ICE

Volume: 711 Páxinas, inicial: 199 final: 219

Autora: Loureiro, Maria L

Título: As Enerxías Renovables en Galicia: Pautas para un Desenvolvemento Sostible

Ref. Revista: Grial. Revista Galega de Cultura

Volume: 169 Páxinas, inicial: 22 final: 31

Autores: Loureiro, Maria L.; López, E. e Álvarez, A.

Título: Los factores determinantes del paso de las explotaciones de leche a carne en la Cornisa Cantábrica: análisis empírico para una comarca del interior de Galicia

Ref. Revista: Economía Agraria y Recursos Naturales

Volume: 6 N° 11 Páxinas, inicial: 139 final: 156

Autores: Loureiro, Maria L.; López, E.; Álvarez, A. e Ojea, E.

Título: Estimated costs and admissible claims linked to the Prestige oil spill

Ref. Revista: Ecological Economics

Volume: 59 Páxinas, inicial: 48 final: 63

Autor: Miramontes Carballada, A.

Título: A situación da industria da transformación da madeira e a súa relación co sector forestal en Galiza ante a chegada do século XXI

Editorial: Servizo de Publicacións da USC

Autor: Miramontes Carballada, A.

Título: A innovación do sector do moble en Galicia. O caso do Sistema Productivo Local da Estrada (Pontevedra)

Editorial: Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada (Pontevedra)

Autor: VV.AA

Título: Galicia en Comarcas

Editorial: IR INDO EDICIÓN S

Autor: Miramontes Carballada, A.

Título: Análise da xeografía electoral do concello da A Estrada (Pontevedra)

Ref. Libro: A Estrada Miscelánea histórica e cultural

Editorial: Diputación de Pontevedra. Fundación Cultural de A Estrada y Museo Reimóndez Portela

Volume: 9 Páxinas, inicial: 97 final: 115

Autor: Miramontes Carballada, A.

Título: Deza e o desenvolvemento rural

Ref. Libro: Descubriendo Deza. Anuario de Estudios e Investigación

Editorial: Diputación de Pontevedra e Concello de Lalín

Volume: 8 Páxinas, inicial: 219 final: 235

Autores: Miramontes Carballada, A. e Constenla Vega, X.

Título: A note related to the model of urbanization in Galicia: does it exist?

Ref. Libro: Urban changes in different scales: systems and structures

Editorial: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC

Volume: 169 Páxinas, inicial: 93 final: 107

Autores: Miramontes Carballada, A.; Rodríguez González, R.; Lois González, R.; Piñeiro Antelo, A. e Suárez Piñeiro, A.

Título: El Eixo Atlántico del noroeste peninsular

Ref. Libro: Gobernanza territorial en España. Claroscuros de un proceso a partir del estudio de casos

Editorial: Servicio de Publicacións de la Universitat de Valencia

Volume: 1 Páxinas, inicial: 123 final: 137

Autor: Miramontes Carballada, A.

Título: El territorio como factor de desarrollo local de dos municipios de carácter rural. A Estrada y Lalín

Ref. Libro: El desarrollo local en su complejidad

Editorial: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da USC

Volume: 162 Páxinas, inicial: 127 final: 148

Autor: Macía Arce, X. Carlos

Título: Information Web Audit. Estudio de caso comparado entre Galicia e Irlanda

Ref. Libro: Actas da 1ª Conferencia Ibérica de Sistemas e Tecnoloxías da Información e a Comunicación

Editorial: Universidade de Fernando Pessoa

Páxinas, inicial: 319 final: 331

Autores: Lois González, R.C. e Pazos Otón, M.

Título: Una prospettiva delle nuove identità territoriali nella Penisola Iberica

Ref. Libro: Geografie e Ambienti. Avanzamenti multidisciplinari

Editorial: Cacucci Editori

Páxinas, inicial: 53 final: 76

Autores: Remoaldo, P.C. e Pazos Otón, M.

Título: Mobilidade, estilos de vida e saúde-os deslocamentos diários no espaço urbanizado contínuo entre Braga e Guimarães

Ref. Libro: Desenvolvimento e assimetrias sócio-espaciais. Perspectivas teóricas e estudos de caso

Editorial: Núcleo de estudos em Sociologia/Universidade do Minho e Inovação à Leitura

Páxinas, inicial: 117 final: 152

Autores: Pazos Otón, M. e Piñeira Mantiñan M. J.

Título: A Coruña

Ref. Libro: Urban changes in different scales: systems and structures. Scientific excursions and field trip. An introduction to the Urban Geography of NW Iberian Peninsula

Editorial: Secretaria de Publicaciones de la Universidad de León

Páxinas, inicial: 47 final: 60

Autor: Pazos Otón, M.

Título: New trends in mobility and lifestyles: implications for the urban system in Galicia (Spain)

Ref. Libro: Urban changes in different scales: systems and structures

Editorial: Universidade de Santiago de Compostela

Páxinas, inicial: 205 final: 222

Autores: Pazos Otón, M., Santos Solla, X.M. e Cabalar Fuentes, M.

Título: Ríos e turismo: natureza e desenvolvemento

Ref. Revista: Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente

Editorial: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Volume: 47 Páxinas, inicial: 33 final: 35

Autor: Pazos Otón, M.

Título: Una propuesta didáctica para la clase de Ciencias: Los Viajes de Jules Verne

Ref. Revista: Padres y Maestros

Editorial: Editorial Centro Fonseca

Volume: 302 Páxinas, inicial: 10 final: 13

Autor: Pazos Otón, M.

Título: Journal of Transport Geography (recensión)

Ref. Revista: Abalar. A Xeografía Galega en Construcción

Editorial: Abalar

Volume: 4 Páxinas, inicial: 80 final: 85

Autor: Pazos Otón, M.

Título: Historias, Geografías, Culturas

Ref. Revista: Abalar. A Xeografía Galega en Construcción

Editorial: Abalar

Volume: 4 Páxinas, inicial: 115

Autores: Pazos Otón, M. e Rodríguez González, M. A.

Título: A Ribeira Sacra

Edita: Turgalicia. Xunta de Galicia

Equipo realizador: Pousa Hernández, M. e outros

Título: Informe de conxuntura da economía galega. 2º Trimestre 2006

Editorial: Fundación Caixa Galicia

Equipo realizador: Pousa Hernández, M. e outros

Título: Informe de conxuntura da economía galega. 3º Trimestre 2006

Editorial: Fundación Caixa Galicia

Equipo realizador: Pousa Hernández, M. e outros

Título: Informe de conxuntura da economía galega. 4º Trimestre 2006

Editorial: Fundación Caixa Galicia

Autor: Rodríguez González, R.
Título: Lalín: an example of the transformation of a small inland town
Ref. Libro: Urban changes in different scales: systems and structures
Editorial: Universidad de León
Páxinas, inicial: 35 final: 46

Autores: Rodríguez González, R. e Santos Solla, X.
Título: Santiago de Compostela-von urbanen modell zum touristischen modell
Ref. Libro: The other cities-die anderen städte. Iba Stadtumbau 2010
Editorial: Edition Bauhaus
Páxinas, inicial: 228 final: 233

Autor: Rodríguez González, R.
Título: Os investimentos de retorno como factor de dinamización socioeconómica na Galiza dos últimos anos
Ref. Libro: En as migracións en Galiza e Portugal. contributos desde as ciencias sociais
Editorial: Editora Candeia
Páxinas, inicial: 151 final: 172

Autor: Rodríguez González, R.
Título: Metropolitan management in Spain: an inevitable failure?
Actas de: Conference on Monitoring Cities of Tomorrow
Editorial: Comisión on C 19 da International Geographical Union
Páxinas, inicial: 265 final: 275

Autor: Rodríguez González, R.
Título: O espazo rural galego: problemáticas e perspectivas
Actas de: Congreso Técnico-Científico sobre desagrarización e sostenibilidade rural na Euro-rexión Galicia/Norte de Portugal
Editorial: Foro Rural Galego
Páxinas, inicial: 135 final: 147

Autora: Suárez Piñeiro, Ana M^a
Título: A vida cotiá na Galicia romana
Editorial: Edicións Lóstrego

Autora: Suárez Piñeiro, Ana M^a
Prólogo libro: Deuses e heroes da mitoloxía grega
Páxinas: 7-12
Editorial: Edicións Lóstrego

**ORZAMENTO E BALANCE DE
SITUACIÓN DO IDEGA**

O IDEGA é un instituto de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela, que obtén case a totalidade dos seus recursos operativos da facturación de estudos e informes realizados para outras entidades nacionais e internacionais e do sometemento dos seus proxectos de investigación aos circuitos galego, español e comunitario de axudas á investigación científica. A orixe diversa dos recursos e a vocación propia do Instituto garanten a independencia do mesmo no cumprimento do seu compromiso coa sociedade galega, contribuíndo á análise, diagnóstico e debate dos problemas económicos e sociais do noso país, mediante a aplicación dos principios da análise económica-social con rigor científico e independencia de criterio.

Ao peche do exercicio de 2006, o IDEGA contaba cun orzamento anual de xestión de máis de 113.000 euros, grazas basicamente ás achegas de financiamento provenientes dos grupos de investigación que desenvolven os seus proxectos no Instituto. Este orzamento é case 3,5 veces maior có do ano 1995, o que dá unha idea do crecemento experimentado en tan só 11 anos.

No cadro seguinte móstrase o orzamento global do instituto (xestión máis investigación) e a súa evolución no último ano. Brevemente hai que destacar, novamente, o forte incremento experimentado na facturación do instituto (un 22%), que basicamente se explica polo incremento no volume de proxectos. De feito, o financiamento da USC redúcese nestes anos en máis dun 10%, o cal puido compensarse por un aforro na xestión diaria do IDEGA moi considerable (próximo ao 50%), pois no mesmo período as inversións en equipamento máis que se duplicaron.

INGRESOS XESTIÓN-INVESTIGACIÓN		
	2005	2006
Remanente Xestión	37.848,19 €	64.155,45 €
Remanente Investigación	460.418,88 €	577.642,00 €
Universidade de Santiago	7.500,00 €	7.500,00 €
Ingresos Producción Científica	4.870,88 €	6.789,22 €
Axudas Terceiro Ciclo	2.755,03 €	1.111,39 €
Axuda Plan Estratégico	2.000,00 €	- €
Aportacións Xunta de Goberno	18.030,36 €	12.020,24 €
Axudas Bolsas Viaxes	3.749,08 €	347,00 €
Axudas Bolsas Predoutorais	7.900,00 €	- €
Outros Ingresos	347,00 €	4.772,21 €
Ingresos Proxectos	14.739,51 €	11.025,38 €
Ingresos de Proxectos	840.853,43 €	1.023.205,86 €
TOTAL INGRESOS	1.401.012,36 €	1.708.568,75 €

GASTOS XESTIÓN-INVESTIGACIÓN		
	2005	2006
Gastos de Proxectos	711.418,36 €	807.541,63 €
Material Funxible	4.701,31 €	4.200,05 €
Comunicacións	3.615,69 €	2.821,37 €
Equipamento	3.424,71 €	8.050,48 €
Xornadas	1.094,66 €	300,00 €
Memoria	1.318,21 €	
Sesións Científicas	2.869,94 €	1.021,43 €
Documentos de Traballo	5.719,88 €	4.190,90 €
Visitas Investigadores	2.695,24 €	2.587,85 €
Mantemento de equipos	94,60 €	0,00 €
Bolsas Predoutorais	7.900,00 €	0,00 €
Gastos 15% Proxectos	4.906,07 €	11.284,86 €
Programa Doutoramento	3.538,24 €	1.671,31 €
Outros Gastos	5.918,00 €	0,00 €
Remanente a Incorporar a 2005	641.797,45 €	864.898,87 €
TOTAL GASTOS	1.401.012,36 €	1.708.568,75 €